

# Emprego sectorial e participación social das mulleres en Galicia e Europa



Coordinadora: María-Carmen Guisán





EMPREGO SECTORIAL  
E PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS MULLERES  
EN GALICIA E EN EUROPA





EMPREGO SECTORIAL  
E PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS MULLERES  
EN GALICIA E EN EUROPA

Coordinadora  
MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

2011  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# DESCATALOGADO



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2012

## **Deseño de cuberta**

Mabel Aguayo

## **Edita**

Servizo de Publicacións  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN 978-84-9887-876-9(Edc.dixital.PDF)

## ÍNDICE

Prólogo	9
Capítulo 1. Emprego, participación feminina e calidade de vida en Galicia e en España MARÍA DEL CARMEN GUIÓSÁN SEIJAS	13
Capítulo 2. Emprego a tempo parcial por xénero nas rexións españolas EVA AGUAYO LORENZO MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ ANDIÓN ANA IGLESIAS CASAL	43
Capítulo 3. Emprego sectorial e paro por xénero nas rexións españolas MARÍA DEL CARMEN GUIÓSÁN SEIJAS PILAR EXPÓSITO DÍAZ	49
Capítulo 4. Emprego feminino, salarios e emprego sectorial en Europa MARÍA DEL CARMEN GUIÓSÁN SEIJAS PILAR EXPÓSITO DÍAZ EVA AGUAYO LORENZO	59
Capítulo 5. Emprego, participación feminina e calidade de vida en Europa MARÍA DEL CARMEN GUIÓSÁN SEIJAS EVA AGUAYO LORENZO	77
Anexos	87



## PRÓLOGO

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

**E**ste libro presenta os resultados do traballo de investigación das autoras sobre o desenvolvemento económico, o emprego e a calidade de vida desde unha perspectiva de xénero, e trata de responder estas preguntas: pode Galicia aproximarse a niveis de emprego, salarios, calidade de vida e participación das mulleres similares aos das rexións e países máis avanzados?, que factores poden axudar a avanzar nesa dirección?

Con respecto aos factores que poden axudar a avanzar, distinguimos entre aqueles que dependen de políticas europeas, españolas ou galegas.

Nos ámbitos español e europeo temos que insistir na importancia que ten un bo asesoramento económico. Políticas económicas equivocadas –e especialmente algunhas do período 2001-2010–, que conduciron a un elevado déficit exterior e a un forte endebedamento en España e noutros países da UE, poderían terse corrixido a tempo e podería terse evitado o incremento do paro e do déficit do sector público, o que redundaría nunha maior calidade de vida dos homes e mulleres de Galicia e de España.

É conveniente que exista unha clara conciencia nos medios de comunicación e nos grupos políticos con respecto á importancia de previr os desequilibrios económicos e de impulsar un desenvolvemento sostible, ofrecendo unha maior receptividade ás opinións de economistas cualificados e doutras persoas expertas.

No ámbito de Galicia é conveniente apoiar a colaboración dos investigadores universitarios, e outros expertos, en iniciativas de impulso ao desenvolvemento da industria, o que contribuirá, sen dúbida, á creación de renda e emprego noutros sectores produtivos. En especial, é aconsellable que se desenvolvan iniciativas que melloren as perspectivas de emprego satisfactorio para moitos novos cualificados, xa que estes poden contribuír positivamente ao desenvolvemento rexional se se lles dá a oportunidade.

Cómpre mellorar as canles de comunicación na Unión Europea para que as persoas expertas poidan ser escoitadas, e para que a opinión pública dispoña dunha maior información en temas importantes para o emprego e para a calidade de vida.

Polo que respecta á política española, algúns factores importantes para potenciar a converxencia cos países máis avanzados serían os seguintes: o desenvolvemento industrial e as políticas económicas orientadas á evolución equilibrada de todos os sectores produtivos, e evitar déficits excesivos tanto no comercio exterior coma no sector público.

No capítulo 1 preséntase unha introdución á análise da evolución do emprego feminino e da participación laboral e social das mulleres en Galicia, España e Europa.

Nos capítulos 2 e 3 recóllese unha comparación do emprego e do paro por xénero nas rexións españolas. No capítulo 2 preséntanse os datos de emprego a tempo parcial, mentres que no capítulo 3 se analiza o emprego sectorial e o paro.

No capítulo 4 realízase unha análise comparativa do emprego, do paro e dos salarios de varios países europeos.

O capítulo 5 presenta unha perspectiva xeral da participación social das mulleres en Europa.

Por último, incluímos varios anexos relacionados co emprego e co desenvolvemento económico de Galicia, así como a relación doutras publicacións das autoras relacionadas con esta temática.

Así mesmo, as autoras desexan deixar constancia do seu agradecemento pola axuda recibida da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia (proxecto SI 427C 2009/33-0, cofinanciado pola Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo sobre *Desemprego, emprego sectorial e actividades sociais desde unha perspectiva de xénero. Situación en Galicia e comparación con Europa*).





## CAPÍTULO 1

# EMPREGO, PARTICIPACIÓN FEMININA E CALIDADE DE VIDA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

## INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA E DE PARTICIPACIÓN FEMININA

**O**s indicadores de calidade de vida da poboación mostran unha correlación positiva coas taxas de emprego, coa produtividade, co salario real e con outros indicadores de desenvolvemento económico, así como con indicadores de calidade do goberno, da igualdade real de oportunidades para as mulleres, e doutros indicadores sociais.

Consideramos positivo, non só para as mulleres senón tamén para o conxunto da sociedade, favorecer a participación social e laboral das mulleres. Consideramos que a igualdade de xénero debe ser unha igualdade real de oportunidades para homes e mulleres, sen impoñer discriminacións, pero con respecto á liberdade de elección das persoas, e que non debe confundirse cun ríxido criterio de presenza paritaria en todos os sectores económicos e sociais. A paridade de presenza feminina nos órganos de goberno de empresas e institucións non é en xeral nin condición necesaria nin suficiente para garantir unha real igualdade de oportunidades nin para mellorar a calidade de vida.

Son moitos os factores que inciden no desenvolvemento económico, entre os que, con frecuencia, o nivel educativo da poboación é o máis importante, xa que, ademais, contribúe en xeral a mellorar a calidade do goberno, a participación feminina na vida laboral e social, a igualdade de oportunidades, a calidade da atención sanitaria, así como doutras variables relacionadas coa calidade de vida.

A satisfacción laboral na UE-15, segundo o estudo de Bauer (2004), presenta unha correlación positiva co nivel de desenvolvemento económico e coa remuneración, coas oportunidades de atopar traballo e coa calidade das condicións laborais. Os países cun maior valor medio do indicador foron Dinamarca (8,25 puntos sobre 10), Irlanda (8,11 puntos), Holanda (7,80 puntos) e Gran Bretaña (7,58 puntos). Os países con menor valor medio do indicador foron España (6,23 puntos), Portugal (6,29 puntos) e Grecia (5,92 puntos).

No estudo de Manpower (2007) sobre indicadores de calidade laboral, as rexións españolas sitúanse entre o valor máis baixo, que corresponde a Extremadura –con 95,1 puntos–, e o máis elevado, que corresponde a Navarra –con 120 puntos–.

Os dez parámetros que se utilizan para medir a calidade laboral son os propostos pola Comisión Europea no ano 2001:

- Calidade intrínseca do posto de traballo.
- Habilidades e aprendizaxe continua dos traballadores.
- Igualdade de xénero.
- Saúde e seguridade no traballo.
- Flexibilidade e seguridade.
- Inclusión e acceso ao mercado de traballo.

- Organización do traballo e equilibrio coa vida cotiá.
- Diálogo social.
- Diversidade e non discriminación.
- Produtividade do traballo e desenvolvemento económico xeral.

Estes dez parámetros desenvólvense, á súa vez, en trinta conceptos, que son os que establecen o índice de calidade laboral (CL).

Galicia, cun 92,50% da remuneración media por asalariado de España, presenta un nivel de satisfacción menor que a media española.

As comunidades con peor índice de calidade laboral, cun valor dese índice situado entre o 91,3 e o 98,5, son Castela e León, Asturias, Castela-A Mancha, Andalucía, Galicia e, por último, Extremadura, que presenta un índice de 91,2.

En Guisán (2010) preséntase unha análise dos indicadores do Programa de Desenvolvemento das Nacións Unidas para trinta e tres países de Europa, Eurasia e América do Norte, nas que España ocupa o posto vinte e sete pola porcentaxe que supón o salario medio feminino con respecto ao salario medio masculino (53%).

Na porcentaxe de ingresos por traballo feminino con respecto aos ingresos medios do traballo masculino, atopamos que a maior igualdade se produce en países do norte de Europa: Suecia (84%), Noruega (70%), Dinamarca (74%), Finlandia (72%), Lituania (72%) e Gran Bretaña (70%). As menores porcentaxes nese grupo de trinta e tres países corresponden a Grecia (53%), España (53%), Bélxica (52%), Italia (49%), Macedonia (49%) e México (42%).

En Galicia esa porcentaxe, segundo o Consello Galego de Relacións Laborais, situaríase nun 75%, similar ao de Dina-

marca, pero con niveis salariais moito máis baixos que nese país tanto no caso masculino coma no feminino.

A satisfacción laboral depende de varios factores, entre os que se inclúe a remuneración. No caso das mulleres tamén é importante que exista unha flexibilidade nos horarios ou a posibilidade de emprego a tempo parcial cando as circunstancias –de maternidade ou outras– o fagan desexable. A calidade do ambiente de traballo, o interese das actividades e o espírito de equipo tamén son factores importantes.


No estudo de calidade laboral realizado por Artís *et al.* (2010) constátase unha evolución positiva do índice de calidade laboral no período 2001-2008 en todas as comunidades autónomas españolas, cunha situación no ano 2008 na que os maiores niveis corresponden a Baleares, Aragón, Madrid, Navarra, País Vasco e Cataluña, mentres que Galicia, cun índice de 116,04, se sitúa por baixo da media española, que é de 122,56. Neste índice sitúanse por baixo do nivel de Galicia as comunidades de Castela-A Mancha, Andalucía, Castela e León e Extremadura.

Nos casos de Galicia e de España a taxa de emprego e o salario son menores que noutros países máis avanzados, polo que conviría impulsar os factores que nos permitan unha converxencia con eses países. Para intensificar de forma sostida a taxa de emprego no sector servizos, que é o que xera máis empregos, é necesario en xeral potenciar o desenvolvemento industrial, como se sinala en Guisán (1990, 2011) e noutros estudos.

As gráficas 1 e 2 mostran a evolución da taxa de emprego feminina e do salario real medio en Galicia e en España en comparación con USA, Suíza e co conxunto dos catro principais países da Unión Europea (UE-4), formado por Alemaña, Gran Bretaña, Francia e Italia.

O incremento das taxas de ocupación feminina e masculina e do salario real en Galicia e en España requiren unha converxencia real no PIB por habitante con respecto aos países máis avanzados. A industria ten unha grande importancia, non só polos seus efectos directos senón tamén polos seus efectos indirectos, xa que permite o desenvolvemento sostible do valor engadido e do emprego nos sectores de servizos.


**Gráfica 1.** Participación laboral feminina, 2005-2010 (% de mulleres que traballan con respecto á poboación feminina de entre 25 e 64 anos)



NOTA: UE-4 é o conxunto das catro principais economías da Unión Europea: Alemaña, Gran Bretaña, Francia e Italia.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de *Employment/Population 25-64 Age Ratio* da OCDE. No caso de Galicia aplícase a información do INE e, co obxecto de evitar unha sobreestimación, para o caso de Suíza tívose en conta o efecto dos traballadores transfronteirizos.

**Gráfica 2.** Salario real medio 1996-2010 (custo laboral por traballador en miles de dólares do ano 2000)



NOTA: UE-4 é o conxunto das catro principais economías da Unión Europea: Alemaña, Gran Bretaña, Francia e Italia.

FONTE: Elaborado por Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE.

No período 1964-2010, a correlación positiva entre o salario real e a produción industrial por habitante foi superior ao 80% en España e en Gran Bretaña, e superior ao 90% en USA, Alemaña, Francia, Italia e Suíza. A correlación tamén foi moi elevada entre a taxa de emprego nos sectores de servizos e da produción industrial *per capita*.


Na gráfica 3 móstrase a evolución do valor engadido real por habitante na industria no período 1993-2010 en Galicia, España, Grecia, o conxunto UE-4, USA e Suíza.

No período 1993-2010 Galicia aumentou o grao de converxencia do VEB industrial por habitante co conxunto de España, pero aínda está lonxe do conxunto da UE-4, de USA e de Suíza.

A diminución da produción industrial no período 2008-2010 tivo efectos negativos sobre o emprego na propia industria e tamén nos sectores de servizos. Este problema tamén se presentou noutros países da Unión Europea como consecuencia da política de desequilibrio seguida polo comercio exterior da Unión Europea na primeira década do século XXI, e que esperamos que se rectifique na segunda década.

No caso de España cómpre engadir que o forte endebedamento exterior do período 2003-2008 conduciu a unha situación de debilidade financeira ante a crise internacional.

**Gráfica 3.** Grao de industrialización, 1993-2010 (VEB industrial por habitante en miles de dólares do ano 2000)




NOTA: UE-4 é o conxunto das catro principais economías da Unión Europea: Alemaña, Gran Bretaña, Francia e Italia.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OCDE e do INE. Co obxecto de evitar sobreestimacións, para o caso de Suíza corrixiuse tendo en conta o efecto dos traballadores transfronteiriños.



**Gráfica 4. VEB industrial real de Galicia e de España**



NOTA: A escala da esquerda corresponde a Galicia e a da dereita a España. Os datos están en miles de millóns de dólares a prezos e tipos de cambio do ano 2000.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OCDE e do INE.

En contra de moitas informacións habituais en distintos medios de comunicación, este endebedamento non xurdiu dun exceso de consumo –España tivo en xeral un nivel de consumo moderado–, senón a un insuficiente desenvolvemento industrial e a un importante déficit no comercio exterior, con importacións moi superiores ao nivel das exportacións. En Guisán (2011) analízase con maior detalle o tema da crise económica en España e en Europa.

Polo que respecta á igualdade de oportunidades das mulleres para as actividades de liderado político, económico e social, observamos que aínda existen moitas barreiras, como se pon de manifesto no capítulo 5 deste libro e noutros estudos.

No estudo de Guisán e Aguayo (2010) preséntase a seguinte táboa, na que se observa a escasa presenza feminina

en órganos de decisión, e especialmente no nivel 1 do poder financeiro no ano 2009, no que non existiu presenza feminina nin no conxunto da UE-15 nin no da UE-27 (táboa 1).

**Táboa 1.** Participación das mulleres na toma de decisións da UE (% respecto do total de membros dos órganos de decisión)

	Nivel	UE-15 2003	UE-27 2003	UE Inst. 2003	UE-15 2009	UE-27 2009	UE Inst. 2009
Sector financeiro	1	6,7			0	0	
	2	17,6	15,6		19,4	17,7	
Grandes empresas	1	1,0	2,2		1,6	3,0	
	2	7,0	7,8		10,9	10,9	
Sindicatos	1	16,7			27,8		
	2	19,8			22,7		
Organizacións de empresarios	1	5,7			3,4		
	2	7,7			11,7		
Parlamentos		20,7*		30,4*	24,2		34,9
Admón. Públ.: altos niveis de decisión		20,7	24,8	13,9	28,5	31,7	23,4
Poder xudicial		13,2	30,0		19,0	31,2	18,5
Universid.: altos niveis de decisión					11,0		

NOTAS: Inst.: Institucións; Nivel 1: presidente; Nivel 2: membros do Consello; Admón. Públ.: Administración Pública; Universid.: Universidades.  
\*Estimación por interpolación de datos do período 1997-2007 no caso dos Parlamentos nacionais, e de 1999-2007 para o Parlamento Europeo. Os datos das posicións das universidade son do ano 2006.

FONTE: Guisán e Aguayo a partir dos datos da EU (2010).

## EVOLUCIÓN DO EMPREGO FEMININO EN GALICIA E EN ESPAÑA

Nas gráficas 5 e 6 observamos como evolucionou positivamente o emprego feminino e masculino en Galicia no pe-


ríodo 1996-2007 debido aos efectos positivos do aumento da produción industrial e doutros factores sobre o emprego no sector servizos. En Galicia, como ocorre en xeral, existe unha importante concentración do emprego feminino nos sectores de servizos.

A gráfica 7 mostra a evolución do emprego feminino (F) e masculino (M) por cada mil habitantes en Galicia e en España no período 1996-2010. Observamos unha crecente evolución do número de empregos femininos e masculinos no período 1996-2007, e unha evolución decrecente entre os anos 2008 e 2010. Ese descenso débese non só á crise financeira internacional dese último período, senón a outras características da economía galega e española relacionadas co seu menor grao de industrialización en comparación cos países europeos máis avanzados, como xa vimos na gráfica 3.

A gráfica 8 mostra a taxa de emprego non agrario, o número de persoas ocupadas por cada mil habitantes de Galicia e de España en comparación co conxunto de Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia (UE-4) no período 1964-2010. Cómpre destacar unha evolución estable e positiva da taxa de emprego non agrario no conxunto UE-4, e un comportamento inestable e oscilante desa taxa en Galicia e en España.


En xeral, o maior crecemento do emprego non agrario prodúcese nos períodos de maior incremento da produción industrial, mentres que os intentos de impulsar o emprego da construción e dos servizos sen unha base industrial adoitada ter pouco éxito. Tamén hai que insistir na importancia que ten a intensificación da produción industrial para aumentar o salario real medio feminino e masculino de Galicia e de España cara aos niveis dos países máis avanzados.

**Gráfica 5.** Evolución do emprego feminino en Galicia, 1996-2010 (en miles de mulleres ocupadas)




FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos do INE e do IGE.

**Gráfica 6.** Evolución do emprego masculino en Galicia, 1996-2010 (en miles de homes ocupados)




FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos do INE e do IGE.

**Gráfica 7.** Empleos femininos (F) e masculinos (M) por cada mil habitantes en Galicia e en España, 1996-2010



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos do INE e do IGE.

**Gráfica 8.** Taxa de emprego non agrario en Galicia, en España e na UE-4



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do INE e do IGE.

A táboa 2 mostra o emprego por xénero e por sectores produtivos en Galicia e en España no ano 2009. No conxunto de España as mulleres representan o 54% do emprego nos sectores de servizos e os homes o 46%, mentres que no resto dos sectores a participación feminina é do 19% e a masculina do 81%. En Galicia as porcentaxes de participación feminina son do 56% nos sectores de servizos e do 25% no resto dos sectores.

**Táboa 2.** Ocupados por xénero e por sector en Galicia e en España no ano 2009 (en miles de persoas) e % feminino (% F) en cada sector

Ramas	M España	F España	M Galicia	F Galicia	% F España	% F Galicia
Agricultura e pesca	581	205	54	37	26	41
Industria	2 094	681	141	53	25	27
Construción	1 744	145	107	9	8	8
<i>Total non servizos</i>	<i>4 419</i>	<i>1 031</i>	<i>302</i>	<i>99</i>	<i>19</i>	<i>25</i>
S1: C+H+T	2 863	2 445	154	153	46	50
S2: A+E+S	1 523	2 328	82	140	60	63
S3: P+T+A	825	926	41	46	53	53
S4: F+I	304	260	15	14	46	48
S5: I+C	338	176	14	8	34	36
S6: OU	374	1 076	21	62	74	75
<i>Servizos</i>	<i>6 227</i>	<i>7 211</i>	<i>327</i>	<i>423</i>	<i>54</i>	<i>56</i>
<i>Total</i>	<i>10 646</i>	<i>8 242</i>	<i>629</i>	<i>522</i>	<i>44</i>	<i>45</i>
Paro	2 292	1 857	83	82	45	50
Poboación activa	12 938	10 099	712	605	44	46
Poboación non activa	9 631	13 003	601	805	57	57
Poboación	22 569	23 102	1 313	1 410	51	52

NOTAS: M: Masculino; F: Feminino; S1: Comercio, hostalería e transportes; S2: Administración Pública, educación e sanidade; S3: Profesionais, técnicos e administrativos; S4: Actividades financeiras e inmobiliarias; S5: Información e comunicación; S6: Outros servizos.

FONTE: Elaboración a partir dos datos do INE.

As porcentaxes de participación laboral feminina de Galicia son bastante similares ás do conxunto de España, aínda que Galicia destaca por presentar unha maior porcentaxe que España, cunha diferenza maior de dous puntos, nos sectores de “agricultura e pesca” (41% fronte a 26%), “comercio, hostalería e transportes” (50% fronte a 46%) e “servizos sociais e comunitarios –Administración Pública, educación e sanidade– (63% fronte a un 60%).

As porcentaxes de participación laboral feminina en Galicia e en España son similares ás dos países europeos máis avanzados, pero as taxas de emprego por cada mil habitantes e o salario real percibido polos traballadores son en xeral inferiores aos das rexións e países que teñen un maior desenvolvemento industrial.

#### EMPREGO FEMININO E DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL EN EUROPA

A táboa 3 presenta a participación feminina no emprego sectorial en Galicia e en varios países europeos no ano 2009.

A participación feminina de Galicia supón o 41% do emprego no sector de “agricultura e pesca”, porcentaxe claramente superior á dos países da táboa 3, nos que oscila entre o 26% de España e o 32 % de Alemaña.

No conxunto dos sectores de industria e construción a participación laboral feminina de Galicia é dun 20%, ocupando unha posición intermedia entre as porcentaxes dos países da táboa 3, que se sitúan entre o 17% de España e o 25 % de Francia.

Nos sectores de servizos a porcentaxe de participación feminina de Galicia é do 56%, similar á de Alemaña e Francia, e algo maior que as porcentaxes que corresponden a España, Italia, Suíza e Gran Bretaña.

Polo tanto, podemos concluír que no ano 2009 a participación laboral feminina en Galicia alcanzaba porcentaxes similares ás de países europeos avanzados; porén, mantiña menores salarios e unha menor taxa de emprego por cada mil habitantes.

**Táboa 3.** Participación laboral feminina en Galicia e en Europa, 2009

	Agricultura	Industria e construción	Servizos
Alemaña	32	24	56
Francia	26	25	56
Italia	28	21	50
España	26	17	54
Suíza	32	23	53
Gran Bretaña	23	18	54
Galicia	41	20	56

FONTE: Os datos da OCDE proceden de *Labour Force Statistics 2010*. Os datos corresponden ao ano 2009, agás para Francia, onde o último dato dispoñible nesa publicación é o do ano 2006. No caso de Galicia os datos proveñen do INE e do IGE.

A táboa 4 mostra a evolución da taxa de emprego por xénero da poboación de entre 15 e 64 anos en Galicia, España, Alemaña e no conxunto da Unión Europea entre os anos 2000 e 2009.

Observamos un incremento da taxa de ocupación feminina en Galicia e en España no período 2000 e 2009, mentres que a taxa de ocupación masculina aumentou entre os anos 2000 e 2005, e diminuíu no período 2005-2009. No ano 2009 a taxa de ocupación feminina de Galicia era do 57%, superior ao 52,8% de España, e menor que a do conxunto da UE. A taxa de ocupación masculina de Galicia –cun 69,3%–



tamén era superior ao 66,6% de España e menor que a do conxunto da UE.

Coa taxa de Alemaña, ou doutros países de nivel similar, habería en Galicia un 9,6% máis de empregos femininos por cada cen mulleres de entre 15 e 64 anos, e un 6,3% máis de empregos masculinos por cada cen homes de entre 15 e 64 anos. Ademais, cun nivel de produtividade similar ao de Alemaña os salarios de Galicia subirían.

**Táboa 4.** Taxas de emprego feminino e masculino

	Taxa de emprego feminino: % de poboación feminina de entre 15 e 64 anos			Taxa de emprego masculino: % de poboación masculina de entre 15 e 64 anos		
	2000	2005	2009	2000	2005	2009
Alemaña	58,1	60,6	66,2	72,9	71,3	75,6
España	41,3	51,2	52,8	71,2	75,2	66,6
Galicia	45,3	51,6	57,0	69,2	72,2	69,3
UE-15	54,1	57,8	59,9	72,8	73,0	71,9
UE-27	53,7	56,3	58,6	70,8	70,8	70,7

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da Eurostat e do INE (para o caso de Galicia, de 16 a 64 anos).

As táboas 5 e 6 presentan unha comparación da distribución do emprego masculino e feminino por sectores produtivos de Galicia con varios países e áreas de Europa e de América.

No conxunto da zona euro o 58% do emprego masculino e o 84% do emprego feminino corresponde ao sector servizos, mentres que nos demais sectores traballa o 42% dos homes e o 16% das mulleres. Observamos que esta preferencia do traballo feminino polo sector servizos é elevada en todos os casos recollidos na táboa 5.

**Táboa 5.** Distribución sectorial do emprego feminino, 2008. Galicia e España en comparación con Europa e con América

	Agricultura	Industria e construción	Servizos
Europa			
Alemaña	1,6	15,9	82,5
España	2,7	11,3	86,0
Francia	1,9	11,2	86,9
Galicia	7,1	13,8	79,1
Gran Bretaña	0,8	9,1	90,1
Italia	2,9	16,1	81,0
Suíza	2,8	11,6	85,6
Zona euro	2,8	13,4	83,8
América			
América Latina	9,1	16,0	74,9
USA	0,7	9,4	89,9

NOTA: En xeral, os datos da OCDE corresponden ao ano 2008, pero nalgúns casos refírense ao 2007 -Suíza e USA- ou ao 2006 -América Latina-. A suma de cada fila é igual a 100.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OCDE.

**Táboa 6.** Distribución sectorial do emprego masculino, 2008. Galicia e España en comparación con Europa e con América

	Agricultura	Industria e construción	Servizos
Europa			
Alemaña	2,8	41,4	55,8
España	5,6	39,8	54,6
Francia	4,1	33,7	62,2
Galicia	8,8	40,7	50,4
Gran Bretaña	1,9	31,9	66,2
Italia	4,5	38,7	56,8
Suíza	4,8	33,6	61,6
Zona euro	4,5	37,5	58,0
América			
América Latina	20,3	28,5	51,2
USA	2,0	30,3	67,7


NOTA: En xeral, os datos da OCDE corresponden ao ano 2008, pero nalgúns casos refírense ao 2007 -Suíza e USA- ou ao 2006 -América Latina-. A suma de cada fila é igual a 100.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da OCDE.

Na gráfica 9 móstrase a evolución da taxa de emprego no sector servizos de Galicia e de España en comparación co conxunto dos catro principais países da Unión Europea (UE-4) –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia– e en comparación con USA e con Suíza no período 1965-2010.

Observamos unha tendencia crecente do número de empregos no sector servizos por cada mil habitantes en todos os casos, con algúns retrocesos no período 2008-2010 no caso de USA, España e Galicia, debido en parte ás consecuencias da crise económica internacional e en parte aos problemas derivados dun insuficiente apoio á industria nalgúns países europeos, tema que analizaremos na próxima sección.

**Gráfica 9.** Taxa de emprego no sector servizos (nº de persoas ocupadas en servizos por cada mil habitantes)



FONTE: Elaboración propia a partir da OCDE.

No caso de Galicia e de España o incremento da taxa de emprego no sector servizos durante o período 1995-2007

foi importante pero, lamentablemente, non estivo acompañado dun suficiente desenvolvemento industrial nese período, o que fai que sexa pouco sostible e que por iso descendera entre os anos 2008 e 2010.

Observamos que Galicia e España aínda están moi lonxe da situación dos outros países da gráfica, situándose no ano 2010 en valores próximos aos que tiñan USA e Suíza no ano 1975, o que significa trinta e cinco anos de atraso con respecto a eses países.


O nivel salarial –tanto masculino como feminino– depende en gran medida da produción por habitante, e esta en xeral depende do grao de desenvolvemento industrial. Tamén o desenvolvemento dos sectores de servizos, que son os que xeran máis emprego, depende en gran medida do nivel de desenvolvemento industrial, aínda que inflúen tamén outras variables como, por exemplo, o turismo.

Os maiores salarios prodúcense en xeral nos países que teñen un maior desenvolvemento industrial, aínda que tamén interveñen outros factores no incremento da renda real por habitante e dos salarios.

A gráfica 10 presenta a evolución do cociente entre a produción industrial por habitante de Galicia e de España, de España en comparación co conxunto da UE-4 (Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia), e de Galicia coa UE-4.

Obsérvase unha evolución positiva do cociente Galicia/España, o que implica unha maior converxencia no VEB industrial por habitante de Galicia co conxunto de España, como xa vimos na gráfica 3. Pola contra, vemos unha tendencia negativa –desde o ano 2002 no caso de España/UE-4, e desde o ano 2008 no caso do cociente Galicia/UE-4–, o que significa que se produciu un retroceso no proceso desexable de converxencia real cara ás economías europeas máis avanzadas.

**Gráfica 10.** Producción industrial por habitante: Evolución do cociente Galicia/España, Galicia/UE-4 e España/UE-4



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do INE e do IGE.

#### EMPREGO SECTORIAL: COMPARACIÓN DE GALICIA CON ESPAÑA, ALEMAÑA, USA E SUÍZA

As políticas económicas dirixidas a mellorar o nivel de desenvolvemento propician o incremento do emprego feminino, o incremento dos salarios e a converxencia entre o salario real de homes e mulleres.

Como se analiza en Guisán (2011) e noutros estudos, os países que teñen un maior desenvolvemento industrial teñen en xeral unha maior capacidade de incrementar o salario real en todos os sectores produtivos e de aumentar a taxa de emprego nos sectores de servizos.

A táboa 7 mostra as diferenzas que existen entre Galicia e España con outros países europeos e con USA. No caso de Galicia os valores medios dos salarios, tanto dos homes como das mulleres, son inferiores á media española, e España

ten un valor medio claramente inferior aos países máis avanzados de Europa.

**Táboa 7.** VEB real *per capita* (\$2000 PPC) e taxa de emprego (por cada mil habitantes) no sector servizos: Galicia, España, Alemaña, Gran Bretaña, Francia, Italia eUSA, 2005

Países	VEB servizos 2005	VEB industria 2005	Taxa de emprego 1996	Taxa de emprego 2005
Galicia	6939	2 097	160	241
España	9390	2 644	199	274
Alemaña	1 4977	5 551	301	339
Francia	15 829	3 716	283	314
Gran Bretaña	18 728	4 585	363	415
Italia	12 424	3 745	247	279
USA	26 192	6 396	345	377

FONTE: Elaborado por Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE. No caso de Galicia aplicouse a proporción Galicia/España dos datos do INE e do IGE aos datos relativos a España.


En Guisán e Expósito (2011) e tamén noutros estudos destácase a importancia que ten o incremento da taxa de emprego nos sectores de servizos para incrementar as oportunidades laborais e os salarios para as mulleres, xa que o emprego feminino tende a concentrarse neses sectores.

A gráfica 11 mostra a evolución do emprego non agrario de Galicia e de España en comparación con Alemaña,USA e Suíza.

As táboas 8 a 11 e as gráficas 12 a 15 mostran a evolución da taxa de emprego de cada sector por cada mil habitantes. Nelas preséntase a evolución das taxas de emprego dos sectores produtivos de Galicia en comparación con Es-

paña, Alemaña, USA e Suíza entre os anos 1965 e 2010. Observamos varios desequilibrios e oscilacións bruscas no caso de España, e tamén de Galicia, mentres que algúns países mostran un desenvolvemento económico elevado e unha evolución moi equilibrada.

**Gráfica 11.** Emprego non agrario por cada mil habitantes



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do INE e do IGE.


**Táboa 8.** Taxa de emprego sectorial: agricultura e pesca (persoas ocupadas no sector por cada mil habitantes)

Ano	Galicia	España	Alemaña	USA	Suíza
1965	290	113	56	23	53
1980	168	59	28	15	33
1990	123	38	20	14	28
2000	64	23	12	9	26
2010	31	18	8	7	22

FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

Destaca a importancia de Galicia no emprego en agricultura e pesca, actividades que foron un refuxio importante para o emprego nos anos nos que o desenvolvemento das actividades non agrarias era moi baixo. O desenvolvemento dos sectores non agrarios no período 1965-2010 permitiu unha mecanización de moitas actividades dese sector e o transvasamento de emprego a outros sectores. A taxa de emprego agrario de Galicia no ano 2010 é similar á de Suíza do ano 1980.

**Gráfica 12.** Taxa de emprego sectorial: agricultura e pesca (persoas ocupadas por cada mil habitantes)



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

Alemaña, USA e Suíza son países cun alto nivel de industrialización, cuxa produción industrial por habitante seguiu en xeral unha tendencia positiva no período 1965-2010. O descenso nas taxas de emprego neste sector débese ás melloras tecnolóxicas que se implantaron con obxecto de in-



crementar a produtividade por traballador e manter a competitividade internacional.

Con respecto aos valores máis elevados da taxa de emprego industrial de Alemaña e de Suíza, en comparación con USA, pode deberse a varias causas como as diferenzas na estrutura industrial de cada país, con sectores máis ou menos intensivos en man de obra, e tamén ao efecto do emprego da contratación externa de servizos profesionais (*outsourcing*), que parece ser máis intensa en Alemaña que en USA. No caso de Suíza tamén inflúe o importante peso que ten neste país o número de traballadores transfronteirizos, que computan no emprego pero non na poboación, xa que residen en países limítrofes, o que sobreestima a taxa de emprego.


Galicia e España teñen niveis de produción industrial por habitante moi inferiores aos dos outros países da táboa. O feito de que teñan unha taxa de emprego industrial similar á de USA non se debe a que poidan equipararse co seu nivel de industrialización, senón a diferenzas na estrutura industrial, aos seus menores niveis de capital por traballador e a diferenzas no tema da contratación externa de servizos.

**Táboa 9.** Taxa de emprego sectorial: industria (persoas ocupadas no sector por cada mil habitantes)

Ano	Galicia	España	Alemaña	USA	Suíza
1965	60	97	182	116	202
1980	65	83	162	106	140
1990	57	77	155	93	135
2000	64	75	104	79	105
2010	61	55	95	53	94

FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

**Gráfica 13.** Taxa de emprego sectorial: industria (pessoas ocupadas por cada mil habitantes)



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

Aínda que a produción industrial por habitante aumentou en Galicia e en España durante o período 2001-2007, a taxa de emprego mantívose practicamente constante en Galicia e descendeu en España debido ás melloras na tecnoloxía e ao aumento da produtividade por traballador.

O importante é destacar que o valor engadido industrial por habitante de Galicia e de España debería aumentar non só para manter ou incrementar o emprego nese sector, senón sobre todo polo importante impacto positivo que a produción industrial ten sobre a produción e o emprego nos sectores de servizos.


A táboa 10 e a gráfica 14 mostran a evolución da taxa de emprego do sector da construción. Podemos observar que a taxa de emprego neste sector aumentou nos casos de Galicia, España e USA, mentres que diminuíu lixeiramente no caso de Suíza e en maior medida no caso de Alemaña.

**Táboa 10.** Taxa de emprego sectorial: construción (persoas ocupadas no sector por cada mil habitantes)

Ano	Galicia	España	Alemaña	USA	Suíza
1965	22	29	39	24	44
1980	38	28	36	27	49
1990	34	31	33	31	45
2000	44	43	34	35	41
2010	38	35	28	29	41

FONTA: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

**Gráfica 14.** Taxa de emprego na construción, 1996-2010



FONTA: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

O valor máis elevado da taxa de emprego na construción en case todos os anos da táboa 10 correspondeu a Suíza, debido en gran medida ao importante impacto do turismo. Os datos de España e de Galicia son bastante parecidos aos

dos outros países nos anos que figuran na táboa, pero experimentaron cambios moi bruscos no período 2001-2010, como se poder ver na gráfica 14. Observamos unha evolución estable en Suíza, unha tendencia moderadamente crecente en USA ata o ano 2007 e un brusco descenso posterior; un descenso forte en Alemaña no período 1995-2005 e un lixeiro incremento entre os anos 2005 e 2010.

**Táboa 11.** Taxa de emprego sectorial: servizos (persoas ocupadas no sector por cada mil habitantes)


Ano	Galicia	España	Alemaña	USA	Suíza
1965	87	118	188	213	234
1980	117	144	220	287	303
1990	162	181	255	337	346
2000	189	234	327	370	373
2010	264	283	371	364	411

FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

Nos casos de España e de Galicia os cambios foron demasiado bruscos, con todos os problemas que isto xera. España experimentou un incremento excesivo no período 1999-2007, e un brusco descenso entre os anos 2007 e 2010. No caso de Galicia o crecemento, aínda que excesivo, foi máis moderado que no caso de España, e por iso a caída foi menor.

Galicia e España incrementaron de forma importante o emprego nos sectores de servizos no período 1965-2010, pero aínda teñen uns niveis baixos en comparación cos países da táboa 11. Así, no ano 2010 Galicia sitúase por baixo do nivel de USA e de Suíza no ano 1980, e só lixeiramente por riba do valor de Alemaña no ano 1990.

**Gráfica 15.** Taxa de emprego sectorial: sector “servizos”, 1996-2010



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE, do IGE e do INE.

O intento de España de aumentar a taxa de emprego non agrario no período 2001-2007 era pouco sostible, e a taxa diminuíu entre os anos 2007 e 2010 como consecuencia da crise económica. Fracasou o intento de impulsar os sectores da construción e dos servizos sen suficiente apoio do sector industrial e con base no endebedamento exterior, xa que o crecemento dos sectores non industriais require en xeral manter uns equilibrios razoables co desenvolvemento industrial.

#### BIBLIOGRAFÍA

ARTÍS, M.; SURIÑAC, J.; LÓPEZ-TAMAYO, J.; FONTANELS, O. (2010). *Estudio Manpower Professional. Calidad laboral*. Universitat de Barcelona, IREA. (<https://candidate.manpower.com/wps/wcm/con->

- nect/127b8080446e91c28bc0ef462cdd5e41/Manpower\_Profesional\_Calidad\_laboral\_10\_ok.pdf?MOD=AJPERES).
- BAUER, T.K. (2004). *High Performance Workplace Practices and Job Satisfaction: Evidence from Europe*. (IZA Discussion Papers, 1265). (<http://ideas.repec.org/s/iza/izadps.html>).
- CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS (2009). *Informe da situación sociolaboral de Galicia, 2009*.
- EL CORREO GALLEGO. REDACCIÓN (2010). *Informe da situación sociolaboral en Galicia 2009*. (O dito informe foi publicacido polo Consello Galego de Relacións Laborais).
- GUISÁN, M.C. (1990). *Galicia 2000. Industria y empleo*. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- GUISÁN, M.C. (2007). "Wages, Productivity and Human Capital In The European Union: Econometric Models And Comparison With The USA 1985-2005", *Applied Econometrics and International Development*, 7 (1). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2009a). "Educación, calidad do goberno y desarrollo económico en América, Europa, África y Asia", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 9 (2). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2009b). "Government Effectiveness, Education, Economic Development and Well-Being: Analysis of European Countries In Comparison With The United States and Canada, 2000-2007", *Applied Econometrics and International Development*, 9 (1). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2009c). "Quality of Government, Education and World Development: An Analysis of 132 Countries, 2000-2007", *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 6 (2). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2010). "Participación laboral, política, económica e social das mulleres", *Revista Galega de Economía*, 19 (2). (<http://www.usc.es/economet/galicia.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2011). *Temas de econometría aplicada: introducción*. (Libro editado coa colaboración da asociación AHG). (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).

- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2010). “Índices de igualdad de género y desarrollo en Europa y América”, en M.C. Guisán [coord.]: *Igualdad de género, desarrollo económico y calidad de vida: análisis de indicadores de Europa, América, África y Asia*. (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- HIDALGO, A.; PÉREZ, S.; CALDERÓN, M.J. (2007). *La discriminación laboral da mujer: una década a examen*. Madrid: Ministerio de Igualdad. (<http://www.navarra.es/NR/rdonlyres/D91FE499-4898-4EDD-AA09-213A8AF122EA/192683/discriminacionlaboralmujer.pdf>).

## CAPÍTULO 2

### EMPREGO A TEMPO COMPLETO E A TEMPO PARCIAL, POR XÉNERO NAS REXIÓNS ESPAÑOLAS

EVA AGUAYO LORENZO  
MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ ANDIÓN  
ANA IGLESIAS CASAL

A táboa 1 presenta a evolución da porcentaxe de homes e mulleres ocupados con traballo a tempo parcial nas rexións españolas, segundo os datos do INE para os anos 2001 a 2009.

As gráficas 1 e 2 mostran a porcentaxe de emprego a tempo parcial de homes e mulleres nas comunidades autónomas españolas no ano 2009, de acordo cos datos recollidos na táboa 1; e as gráficas 3 e 4 mostran o incremento das porcentaxes de emprego a tempo parcial no período 2001-2009.

No emprego a tempo parcial masculino destaca, coa porcentaxe máis elevada, a Comunidade Valenciana cun 7%. Os valores máis baixos, con menos do 4%, corresponden ás seguintes comunidades autónomas: Asturias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura, País Vasco e A Rioxa.

No emprego a tempo parcial feminino destacan, con valores por riba da media, as seguintes comunidades autónomas: Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha,



Comunidade Valenciana, Estremadura, Navarra, País Vasco e A Rioxa. Os valores máis baixos corresponden a Asturias, Canarias, Cantabria e Galicia.


No conxunto de España aumentou tanto a porcentaxe de homes con traballo a tempo parcial no período 2001-2009, que pasou dun 2,76% a un 4,85%, como o de mulleres, que pasou dun 16,81% a un 23,04%.

**Táboa 1.** Evolución da porcentaxe a tempo parcial (PTP) nos anos 2001 e 2009: emprego masculino (M) e feminino (F)

Nº	Comunidade autónoma	PTP 2001-M	PTP 2001-F	PTP 2009-M	PTP 2009-F
1	Andalucía	3,25	18,12	5,09	26,44
2	Aragón	2,00	18,75	4,18	25,40
3	Asturias	1,42	10,35	3,69	19,15
4	Baleares	2,89	13,38	4,51	20,27
5	Canarias	3,06	18,07	5,20	18,52
6	Cantabria	1,76	12,13	3,30	18,10
7	Castela e León	2,26	20,72	3,98	24,90
8	Castela-A Mancha	2,37	18,99	3,84	24,18
9	Cataluña	2,66	14,54	4,61	20,62
10	Comunidade Valenciana	3,62	21,10	7,00	26,52
11	Estremadura	2,17	20,50	3,60	26,05
12	Galicia	3,11	13,95	4,25	19,32
13	Madrid	2,44	13,39	5,21	21,15
14	Murcia	3,59	18,88	5,21	22,10
15	Navarra	3,38	23,82	4,25	26,06
16	País Vasco	1,92	21,23	3,79	27,08
17	Rioxa, A	0,96	10,43	3,35	26,75
18	Total	2,76	16,81	4,85	23,04


FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da EPA do INE.

**Gráfica 1.** Porcentaxe de emprego masculino a tempo parcial nas comunidades españolas, 2009




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da táboa 1.

**Gráfica 2.** Porcentaxe de emprego feminino a tempo parcial nas comunidades españolas, 2009




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da táboa 1.

**Gráfica 3.** Porcentaxe a tempo parcial masculino nas comunidades autónomas, 2001-2009



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da táboa 1.

**Gráfica 4.** Porcentaxe a tempo parcial feminino nas comunidades autónomas, 2001-2009



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da táboa 1.

No estudo de Beltrán (2000), a porcentaxe masculina a tempo parcial evoluciona desde un 2,3% no ano 1987 ata un 2,8% no ano 1998. A porcentaxe feminina pasa dun 13,9% a un 17,2%. En comparación, observamos que no período 1998-2009 a porcentaxe masculina permaneceu estable, mentres que a feminina mostrou unha tendencia crecente.

Guisán (2012) analiza as diferenzas con outros países, e sinala que no conxunto da OCDE o 26,26% do emprego feminino é a tempo parcial e o 8,95% do masculino. Polo tanto, as porcentaxes españolas, cun 4,85% para os homes e cun 23,04% para as mulleres, están algo por baixo da media da OCDE.

No caso de Galicia as porcentaxes de emprego a tempo parcial no ano 2009 son máis baixas que as de España, cun 4,25% no caso dos homes e cun 19,32% no caso das mulleres.

Cómpre destacar que a porcentaxe de mulleres que demanda traballo a tempo parcial, con obxecto de conciliar a vida laboral e a familiar, é máis elevada que a dos homes. Tamén inflúe o salario medio percibido, de forma que en países con maiores niveis de remuneración ás veces aumenta a porcentaxe de persoas que demandan traballo a tempo parcial.

## BIBLIOGRAFÍA

- BELTRÁN, R. (2000). "Las mujeres y el trabajo a tiempo parcial en España. Elementos para su análisis", *Cuadernos de Relaciones Laborales*, 17, pp. 139-161. (<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/rla/11318635/articulos/CRLA0000220139A.PDF>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2012). *Empleo sectorial y participación social: situación en Europa desde una perspectiva de género*. (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).

INE. *Encuesta de Población Activa*.  
OCDE. *Informe OCDE sobre empleo femenino a tempo parcial*.  
(<http://www.oecd.org/dataoecd/30/39/38752777.pdf>).

### CAPÍTULO 3

## EMPREGO SECTORIAL E PARO POR XÉNERO NAS REXIÓNS ESPAÑOLAS

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS  
PILAR EXPÓSITO DÍAZ

### EMPREGO SECTORIAL POR XÉNERO NAS REXIÓNS ESPAÑOLAS


**D**e acordo co estudo de Guisán e Expósito (2011), presentamos unha análise do emprego sectorial por xénero nas rexións españolas. A orde das comunidades autónomas nas gráficas é o alfabético habitual do Instituto Nacional de Estadística, e o que figura na táboa 1: Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana, Extremadura, Galicia, Madrid, Murcia, Navarra, País Vasco e A Rioxa.

A gráfica 1 mostra o número de persoas empregadas por cada mil habitantes nas dezasete comunidades autónomas españolas no ano 2009. As gráficas 2 e 3 mostran o número de homes e mulleres ocupados por cada mil habitantes.

Galicia sitúase entre as rexións que superan a media española de 404 empregos por cada mil habitantes no ano 2009, ocupando o oitavo posto tras Madrid, Baleares, Aragón, Cataluña, País Vasco, Navarra, A Rioxa e Cantabria. Os valores máis baixos da taxa de emprego corresponden a Andalucía e a Extremadura. Nunha zona intermedia sitúanse


Asturias, Canarias, Castela e León, Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana e Murcia.

**Gráfica 1.** Taxas de emprego no ano 2009: emprego total por cada mil habitantes




FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

**Gráfica 2.** Taxa de emprego masculino por cada mil habitantes



FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

**Gráfica 3.** Taxa de emprego feminino por cada mil habitantes



FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

Polo que respecta ao emprego masculino, observamos que Galicia ocupa o undécimo lugar, situándose lixeiramente por baixo da media española. As rexións coas maiores taxas son A Rioxa, Navarra, Madrid, Aragón e Baleares. Na taxa de emprego feminino destacan Madrid, Baleares, Cataluña e Navarra.

As táboas 1 a 3 presentan as taxas de emprego por cada mil habitantes correspondentes aos sectores de “agricultura”, “industria”, “construción” e “servizos” das dezasete comunidades autónomas españolas e do conxunto de España para o ano 2009.

No ano 2009 España tiña 404 empregos por cada mil habitantes, dos cales 228 correspondían a homes e 176 a mulleres. O emprego masculino representaba o 56,4% do emprego total e o feminino o 43,6%, o que supón un cambio importante con respecto a décadas pasadas, nas que as taxas de emprego femininas eran moi baixas.



**Táboa 1.** Taxas de emprego por xénero: sector “servizos” e total. Datos das rexións españolas no ano 2009 (persoas ocupadas por cada mil habitantes)

Rexión	Servizos			Total		
	Masc.	Fem.	Ambos os dous	Masc.	Fem.	Ambos os dous
Andalucía (AN)	129	130	259	206	146	353
Aragón (AR)	122	160	282	243	185	427
Asturias (AS)	120	159	278	212	175	387
Illas Baleares (IB)	151	185	336	241	196	437
Illas Canarias (CN)	156	153	309	216	163	379
Cantabria (CB)	125	160	284	236	184	420
Castela e León (CL)	117	143	260	233	164	397
Castela-A Mancha (CM)	115	127	242	233	149	382
Cataluña (CT)	131	161	292	234	193	427
Comunid. Valenciana (CV)	123	153	275	224	174	398
Estremadura (EX)	115	120	235	215	137	352
Galicia (GA)	117	152	268	225	187	412
Madrid (MA)	179	194	373	248	211	459
Murcia (MC)	121	140	262	229	170	398
Navarra (NC)	106	151	257	250	188	438
País Vasco (PV)	122	168	290	237	192	429
Rioxa, A (RI)	115	146	261	251	183	434
ESPAÑA (ES)	133	154	287	228	176	404

NOTA: Masc.: Masculino; Fem.: Feminino; Ambos os dous: Masculino+Feminino.

FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

As taxas de emprego máis elevadas nos sectores de servizos corresponden a Madrid (373), Baleares (336), Canarias (309), Cataluña (292) e País Vasco (290). Os valores máis baixos corresponderon a Estremadura (235) e Castela-A Mancha (242).

**Táboa 2.** Taxas de emprego por xénero: sectores de “agricultura” e “industria”. Datos das rexións españolas no ano 2009 (persoas ocupadas por cada mil habitantes)

Rexión	Agricultura e Pesca			Industria		
	Masc.	Fem.	Ambos os dous	Masc.	Fem.	Ambos os dous
Andalucía (AN)	19	7	26	27	7	33
Aragón (AR)	17	4	21	63	17	81
Asturias (AS)	10	6	15	48	9	57
Illas Baleares (IB)	4	2	6	28	7	36
Illas Canarias (CN)	7	3	10	20	4	24
Cantabria (CB)	11	6	17	59	13	72
Castela e León (CL)	21	5	26	56	14	70
Castela-A Mancha (CM)	21	3	25	50	15	65
Cataluña (CT)	6	2	8	57	27	84
Comunid. Valenciana (CV)	11	2	13	50	16	67
Estremadura (EX)	30	8	38	32	6	38
Galicia (GA)	19	13	33	51	19	69
Madrid (MA)	1	1	2	32	12	44
Murcia (MC)	30	14	44	40	12	52
Navarra (NC)	17	3	20	92	31	123
País Vasco (PV)	4	2	6	79	19	98
Rioxa, A (RI)	17	2	18	77	32	109
ESPAÑA (ES)	12	4	17	45	15	60

NOTA: Masc.: Masculino; Fem.: Feminino; Ambos os dous: Masculino+Feminino.

FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

No sector “agricultura e pesca” as rexións que presentan as taxas máis elevadas son Murcia (44), Estremadura (38) e Galicia (33). O valor máis baixo corresponde a Madrid (2).

No sector “industria” as rexións con taxas máis elevadas son Navarra (123), A Rioxa (109), País Vasco (98) e Cataluña (84). As máis baixas corresponden a Canarias (24), Andalucía (33), Baleares (36) e Estremadura (38).

**Táboa 3.** Taxas de emprego por xénero: sector “construción”. Datos das rexións españolas no ano 2009 (persoas ocupadas por cada mil habitantes)

Rexión	Construción		
	Masculino	Feminino	Ambos os dous
Andalucía (AN)	32	2	34
Aragón (AR)	40	3	43
Asturias (AS)	35	2	37
Illas Baleares (IB)	57	3	60
Illas Canarias (CN)	33	3	36
Cantabria (CB)	43	5	47
Castela e León (CL)	38	3	41
Castela-A Mancha (CM)	47	3	50
Cataluña (CT)	39	4	44
Comunidade Valenciana (CV)	40	3	43
Estremadura (EX)	37	2	40
Galicia (GA)	38	3	41
Madrid (MA)	35	4	39
Murcia (MC)	37	3	40
Navarra (NC)	36	3	39
País Vasco (PV)	31	3	34
Rioxa, A (RI)	42	3	46
ESPAÑA (ES)	37	3	40

FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE.

No sector “construción”, o número de empregos por cada mil habitantes no ano 2009 ascendeu a 40 persoas en España, das cales 37 eran homes e 3 mulleres. As rexións máis destacadas foron Baleares con 60 ocupados neste sector por cada mil habitantes, debido á súa importante actividade turística, e Castela-A Mancha con 50 ocupados debido en gran medida aos importantes impactos derivados da súa proximidade a Madrid.

PARO POR XÉNERO NAS REXIÓNS ESPAÑOLAS  
NO ANO 2009

As táboa 4 e 5 presentan datos de emprego e paro por xénero.

**Táboa 4.** Emprego, paro, poboación activa e taxa de paro por xénero, 2009

	Emprego		Paro		Poboación activa		Taxa de paro % de PA	
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.
AN	1 707	1 210	542	450	2 249	1 660	24,10	27,11
AR	326	248	149	35,6	475	284	31,37	12,55
AS	230	190	33,0	32,1	263	222	12,55	14,45
IB	264	215	62,7	42,6	327	258	19,19	16,54
CN	453	342	155,8	126,5	609	469	25,59	27,00
CB	139	108	17,8	15,9	157	124	11,35	12,83
CL	596	420	79,6	83,0	676	503	11,78	16,50
CM	485	310	99,8	84,2	585	394	17,07	21,36
CT	1 747	1 441	360,2	258,5	2 107	1 700	17,09	15,21
CV	1 139	885	310,5	234,5	1 450	1 120	21,42	20,95
EX	237	151	49,2	50,8	286	202	17,19	25,17
GA	629	523	83,8	82,1	713	605	11,76	13,57
MA	1 577	1 342	258,8	217,6	1 836	1 560	14,10	13,95
MC	331	246	93,8	56,7	425	303	22,08	18,73
NC	157	118	17,7	16,1	175	134	10,13	12,01
PV	515	417	61,3	54,3	576	471	10,64	11,52
RI	81	59	11,6	8,8	93	68	12,53	12,98
<i>ES</i>	<i>10 658</i>	<i>8 227</i>	<i>2 292</i>	<i>1 857</i>	<i>12 950</i>	<i>10 084</i>	<i>17,70</i>	<i>18,42</i>

NOTA: Masc.: Masculino; Fem.: Feminino. As taxas de desemprego por xénero é a porcentaxe de desemprego por xénero en poboación activa por xénero.

FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE (2010).

**Táboa 5.** Emprego, paro, poboación activa, taxa de paro, poboación e taxas de emprego e actividade: ambos os dous xéneros no ano 2009 (en miles de persoas)

	Emprego	Paro	Poboación activa	Taxa paro	Poboación	Taxa emprego	Taxa actividade
AN	2 917	992	3 911	25,3	8 286	35,2	47,2
AR	575	84	655	12,8	1 343	42,5	48,7
AS	420	65	480	13,5	1 085	38,2	44,2
IB	479	105	580	18,1	1 095	43,3	52,9
CN	795	282	1 075	26,2	2 099	37,7	51,2
CB	247	33	276	11,9	589	41,2	46,8
CL	1 016	162	1 176	13,7	2 560	39,6	45,9
CM	794	184	974	18,8	2 079	37,9	46,8
CT	3 189	618	3 803	16,2	7 467	42,6	50,9
CV	2 024	545	2 563	21,2	5 085	39,6	50,4
EX	387	100	482	20,7	1 100	34,7	43,8
GA	1 151	165	1 311	12,5	2 795	41,0	46,9
MA	2 919	476	3 388	14,0	6 360	45,7	53,2
MC	577	150	722	20,7	1 445	39,5	49,9
NC	276	33	304	10,8	630	43,0	48,2
PV	931	115	1 042	11,0	2 171	42,6	47,9
RI	139	20	155	12,9	321	42,0	48,2
ES	18 885	4 149	23 033	18,0	46 746	40,4	49,2

NOTA: Taxa de emprego: porcentaxe de emprego con respecto á poboación. Taxa de actividade: porcentaxe de paro con respecto á poboación activa. Poboación activa: emprego+paro.

FONTE: Guisán e Expósito (2011) a partir dos datos do INE (2010).

As taxas de paro máis baixas no ano 2009, inferiores ao 15%, corresponderon a Asturias, Cantabria, Galicia, Madrid, Navarra, País Vasco e A Rioxa.

As taxas máis elevadas de paro masculino, por riba do 24% da poboación activa, corresponderon a Aragón

(31,4%), Canarias (25,6%) e Andalucía (24,1%). As taxas máis elevadas de paro feminino corresponderon a Andalucía (27,1%), Canarias (27%) e Extremadura (25,2%).

Carrasco *et al.* (2005) atoparon que en xeral as rexións do norte de España ofrecen máis oportunidades de emprego feminino que as do sur.

Galicia, cunha taxa de ocupación do 41% da poboación, sitúase lixeiramente por riba da media española. As rexións cunha taxa de actividade máis elevada, superior ao 42%, son as seguintes: Madrid, Baleares, Navarra, Cataluña e Aragón.

## BIBLIOGRAFÍA

- CARRASCO-PORTIÑO, M.; RUIZ, M.T.; FERNÁNDEZ-SÁEZ, J.; CLEMENTE, V.; ROCA, V. (2010). "Desigualdades en el desarrollo geopolítico de género en España 1980-2005. Un determinante estructural de la salud", *Rev. Esp. Salud Pública*, 84 (1). Madrid.
- EU (2008). *Distribution of Employment in the Main NACE 2-Digit Sectors*. European Union.
- GUISÁN, M.C. (2004). "Education, Research and Manufacturing in EU25: An Inter-Sectoral Econometric Model of 151 European Regions, 1995-2000", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 4 (2), pp. 21-32.
- GUISÁN, M.C. (2008). "Manufacturing and Economic Development: Inter-sectoral relationships in Europe, America, Africa and Asia-Pacific, 1999-2006" *Regional and Sectoral Economic Studies*, 8 (2), pp. 73-90.
- GUISÁN, M.C. (2009). "Government Effectiveness, Education, Economic Development and Well-Being: Analysis of European Countries in Comparison with the United States and Canada, 2000-2007", *Applied Econometrics and International Development*, 9 (1), pp. 39-48.
- GUISÁN, M.C. (2010). "Employment in Private and Public Services: A Comparative Analysis of Commercial, Business and Social Ser-

- vices in Spain, France, Italy, Germany, UK and USA”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 10 (1), pp. 71-80.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2004). “Inversión industrial y empleo en las regiones españolas, 1976-1995”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 1 (2), pp. 69-88.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2006). “Employment by Sector in the European Union, the United States, Mexico and Canada, 1985-2005”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 6 (1), pp. 21-34.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2007). “Production by Sector in the European Union: Analysis of France, Germany, Italy, Spain, Poland and the United Kingdom, 2000-2005”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 7 (1), pp. 33-46
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2011). “Women’s Equality, Quality of Life and Development in Europe, 2000-2007”, *Applied Econometrics and International Development*, 11 (1).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2001). “Economic Growth and Cycles: Cross-Country Models of Education, Industry and Fertility and International Comparisons”, *Applied Econometrics and International Development*, 1 (1). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C.; EXPÓSITO, P. (2011). “Regional Employment And Unemployment By Gender In Spain In Comparison With Other European Countries”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 11 (1). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- INE (2010). *Labour Force Statistics of Spain*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.
- OECD. *Labour Force Statistics. Several Years*. Paris: OECD.
- OECD (2008). *National Account Statistics*. Paris: OECD

#### CAPÍTULO 4

### EMPREGO, PARO E SALARIOS NO PERÍODO 1993-2010: ANÁLISE COMPARATIVA DE ESPAÑA CON ALEMAÑA E CON OUTROS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS  
PILAR EXPÓSITO DÍAZ  
EVA AGUAYO LORENZO

#### INTRODUCCIÓN

**A**nalizamos a evolución do emprego e os salarios en España durante o período 1990-2010, con especial referencia ao período 2005-2010, en comparación con Alemaña, Francia, Italia, Gran Bretaña e USA.

Na sección 2 analizamos a evolución do paro, do emprego e da poboación activa.

Dedicamos a sección 3 á análise da adaptación dos salarios á produtividade en España, Alemaña e USA.

Na sección 4 presentamos a estimación dun modelo económico explicativo do emprego total e do salario real nos ditos países, en función do desenvolvemento industrial, e destacamos as principais medidas que contribuirían, á vez, a incrementar a taxa de emprego e os salarios reais da economía española.

Por último, a sección 5 presenta as principais conclusións.

Entre as conclusións destacamos que os salarios en España non deben baixar, pois xa teñen unha ratio entre o



custo laboral e a produtividade moito menor que Alemaña, USA ou outros países industrializados e que, en cambio, é conveniente o incremento simultáneo do salario medio real e da taxa de emprego promovendo un maior grao de industrialización, o que require políticas efectivas tanto a nivel nacional coma europeo.

#### PARO, EMPREGO E POBOACIÓN ACTIVA EN ESPAÑA EN COMPARACIÓN CON ALEMAÑA E CON OUTROS PAÍSES

Analizamos a evolución destas variables a partir de diversas estatísticas da OCDE (2011a, 2011b) e de datos de anos anteriores. Os datos relativos aos asalariados e ao emprego total proceden en xeral das *Labour Force Statistics*, e os datos de custo laboral e do produto interior bruto (PIB) proceden das *National Accounts*. Nalgúns casos trátase de estimacións provisionais, elaboradas polas autoras en función da información dispoñible.

Esta análise mostra que o emprego en España experimentou unha forte expansión no período 1995-2005, e un estancamento entre os anos 2005 e 2010.

O incremento da década 1995-2005 foi debido a diversos factores que analizaremos brevemente na sección 4, e que teñen moita relación cunha formulación inadecuada, na nosa opinión, do sistema de financiamento das pensións.

Isto levou a distintas institucións e organizacións a propiciar unha ampla política inmigratoria baseada na expansión acelerada dos sectores da construción e dos servizos sen soporte suficiente do desenvolvemento industrial, o que conduciu a un forte déficit do comercio exterior, que explica a maior parte dos problemas da economía española no pe-

ríodo 2008-2010. Varios aspectos importantes das causas e consecuencias do déficit exterior nese período destácanse no interesante estudo de Alonso (2010).

A táboa 1 mostra a evolución da taxa de paro en España, en comparación con catro países da Unión Europea e con USA, con datos quinquenais do período 1990-2010. No conxunto deses vinte anos a taxa de paro de España aumentou, malia que o emprego experimentou un incremento importante nese período.

**Táboa 1.** Taxa de paro (% da poboación activa), 1990-2010

Ano	España	Italia	Francia	Gran Bretaña	Alemaña	USA
1990	16,49	11,22	8,87	6,83	3,75	5,60
1995	23,17	11,73	11,59	8,64	7,84	5,60
2000	14,03	10,68	9,58	5,50	7,26	3,93
2005	9,40	7,72	9,50	4,73	10,53	5,01
2010	20,12	8,40	9,70	7,60	7,15	9,50
Δ 2005 a 2010	10,72	0,68	0,20	2,87	-3,38	4,49

FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

Observamos que a maior taxa de paro no ano 2010, así como o maior incremento da taxa de paro entre os anos 2005 e 2010, correspondeu a España, cunha taxa dun 20,12% e cun incremento de 10,72 puntos, mentres que en Alemaña a taxa só foi dun 7,15% e diminuíu en 3,38 puntos.


As taxas de paro de Italia, Francia, Gran Bretaña e USA situáronse por baixo do 10% –entre un 7,60% e un 9,70%–, e o seu incremento no período 2005-2010 estivo entre os 0,20 puntos no caso de Francia e os 4,49 de USA.

A gráfica 1 mostra os bruscos cambios da evolución da taxa de paro en España en comparación coa media dos ou-

tros catro países da UE incluídos na táboa 1 –Alemaña, Francia, Gran Bretaña e Italia– e coa taxa de paro de USA. Esta gráfica é unha clara mostra da brusquidade das políticas españolas en comparación cos outros países da táboa 1.

Logo dun forte incremento da taxa de paro de España entre os anos 1975 e 1985, tivo lugar un descenso no período 1986-1991 e despois un novo incremento entre os anos 1991 e 1995; a continuación un importante descenso no período 1996-2007, e un forte incremento entre os anos 2008 e 2010.

**Gráfica 1.** Taxa de paro en España, Alemaña y USA, 1960-2010



FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

As táboas 2, 3 e 4 recollen, respectivamente, a evolución do número de parados, o emprego total e a poboación activa.

**Táboa 2.** Paro, 1990-2010 (en miles de persoas)

Ano	España	Italia	Francia	Gran Bretaña	Alemaña	USA
1990	2 509	2 751	2 205	1 974	1 448	7 047
1995	3 714	2 638	2 937	2 460	3 200	7 404
2000	2 484	2 495	2 517	1 619	3 066	5 692
2005	1 912	1 888	2 572	1 467	4 573	7 591
2010	4 632	2 104	2 692	2 390	3 107	14 825
Δ 2005 a 2010	2 123	216	120	923	-1 466	7 234
% Incremento	111,04	11,44	4,67	62,92	-32,06	95,30

FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

**Táboa 3.** Emprego total (en miles de persoas)

Ano	España	Italia	Francia	Gran Bretaña	Alemaña	USA
1990	12 709	21 764	22 648	26 935	37 139	118 793
1995	12 313	19 851	22 413	26 026	37 601	124 900
2000	15 222	20 874	23 750	27 793	39 144	139 077
2005	18 431	22 563	24 515	29 536	38 851	143 981
2010	18 394	22 946	25 059	29 048	40 370	141 245
Δ 1990 a 2010	5 685	1 182	2 411	2 113	3 231	22 452
% Incremento	44,73	5,43	10,65	7,84	12,00	18,90

FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

No caso de España observamos que o paro aumentou no período 1990-1995, diminuíu na década 1995-2005 e aumentou entre os anos 2005 e 2010.

A porcentaxe de incremento do paro do quinquenio 2005-2010 foi elevado en España (111%), en USA (95%) e en gran Bretaña (63%), mentres que foi moderado en Francia –con menos do 5%– e en Italia –con algo máis do 11%–.

O mellor resultado corresponde a Alemaña, cunha diminución do paro dun 32% no período 2005-2010.

**Táboa 4.** Poboación activa (en miles de persoas)

Ano	España	Italia	Francia	Gran Bretaña	Alemaña	USA
1990	15 218	24 515	24 853	28 909	38 587	125 840
1995	16 027	22 489	25 350	28 486	40 801	132 304
2000	17 706	23 369	26 267	29 412	42 210	144 769
2005	20 343	24 451	27 087	31 003	43 424	151 572
2010	23 026	25 050	27 751	31 438	43 477	156 070
Δ 1990 a 2010	7 808	535	2 898	2 529	4 890	30 230
% Incremento	51,31	2,18	11,66	8,75	12,67	24,02

FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

Observamos que entre os anos 1990 e 2010, España é o país da táboa 4 que presenta unha maior porcentaxe de incremento da poboación activa, cun 44,73%, situándose moi por riba dos demais países, cuxa porcentaxe de incremento estivo entre o 2,18% de Italia e o 24,02% de USA.

Mentres que a poboación activa de España aumentou en 7,8 millóns de persoas no período 1990-2010, o emprego total fíxoo en 5,7 e o paro en 2,1 millóns.

Se as medidas políticas adaptaran o crecemento da poboación activa ao crecemento do emprego e o emprego crecera sobre bases máis sólidas, e non baseado case exclusivamente no *boom* da construción, poderíamos ter unha taxa de paro moito máis moderada, similar á de Alemaña ou mesmo menor, evitando o sufrimento dos parados que buscan emprego e que non o atopan, así como as consecuencias negativas que o incremento do gasto en subsidios de de-

semprego ten sobre outras actividades importantes da Administración Pública.

A táboa 5 mostra a taxa de emprego dos seis países. No conxunto do período 1990-2010 España incrementou a taxa de emprego por cada mil habitantes, pasando de 327 no ano 1990 a 391 no ano 2010 e situándose lixeiramente por riba de Italia, pero aínda nun nivel menor que Francia, USA, Gran Bretaña e Alemaña. A taxa de emprego máis alta deste grupo de países no ano 2010 correspondeu a Alemaña, con 492 persoas ocupadas por cada mil habitantes.

**Táboa 5.** Taxa de emprego (empregos por cada mil habitantes)

Ano	España	Italia	Francia	Gran Bretaña	Alemaña	USA
1990	327	384	399	471	468	475
1995	313	349	387	449	460	469
2000	376	365	403	474	476	492
2005	418	388	404	491	471	486
2010	391	381	400	477	492	454
Δ 1990 a 2010	64	-3	1	6	24	-21
% Incremento	19,57	-0,78	0,25	1,27	5,13	-4,42

FONTE: Guisán, Aguayo e Expósito (2011) a partir dos datos da OCDE.

Así pois, Alemaña presenta os mellores resultados deste conxunto de países no ano 2010, xa que conta coa maior taxa de ocupación e coa menor taxa de paro. Tamén teñen taxas de ocupación elevadas Gran Bretaña e USA. Estes tres países teñen uns salarios maiores que España, e un grao de industrialización moi superior ao de España.

Malia estes problemas, a economía española ten aspectos positivos que poden axudar a consolidar un desenvolvemento

mento sostido, cun incremento da taxa de emprego, do salario real e da produtividade por traballador, se mellora de forma substancial a receptividade dos dirixentes políticos con respecto ás propostas dos expertos económicos que propugnan medidas económicas realistas e eficaces, incluíndo moitos investigadores universitarios españois que poden achegar perspectivas dun grande interese baseadas nos seus coñecementos.

As universidades españolas realizan un bo labor de investigación económica, como se pon de manifesto en Guisán e Cancelo (2008) e noutros estudos, pero en xeral hai pouca comunicación entre os equipos de investigación e os responsables das políticas económicas, así como una escasa difusión das máis interesantes contribucións dos investigadores económicos nos medios de comunicación.

#### SALARIOS E PRODUTIVIDADE EN ESPAÑA, EN ALEMAÑA E NOUTROS PAÍSES


Unha suxestión equivocada que se difunde con frecuencia en moitos medios de comunicación é a proposta de baixar os salarios reais en España co pretexto de adaptalos á produtividade e de contribuír á xeración de emprego.

Os datos incluídos neste estudo mostran que o custo salarial real por traballador en España é un 20% inferior ao que lle correspondería para adaptarse á situación de Alemaña, e que a mellor política para incrementar tanto o emprego como os salarios é impulsar o desenvolvemento industrial polos seus beneficiosos efectos sobre a renda *per capita*.

A gráfica 2 mostra o número de horas traballadas por asalariado en España, Alemaña e USA. Observamos que os

españóis traballan de media máis horas que os alemáns e menos que os norteamericanos.

**Gráfica 2.** Horas anuais de traballo por asalariado en España, Alemaña e USA (en miles)



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE.


A gráfica 3 mostra a evolución do cociente entre o custo salarial por hora traballada e a produtividade por hora traballada en España, Alemaña e USA.

Observamos que España se sitúa moi por baixo de Alemaña e de USA, polo que a adaptación dos salarios á produtividade non implicaría unha redución de salarios en España, senón que o desexable sería que subisen ata achegarse cando menos á situación de Alemaña, o que implicaría un incremento próximo ao 20% do salario real español.

A gráfica 4 mostra as diferenzas entre España, Alemaña e USA en salario real medio por hora traballada.




**Gráfica 3.** Cociente custo salarial/productividade por hora en España, USA e Alemaña, 1996-2007



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE: *National Accounts and Labour Force Statistics*.

**Gráfica 4.** Salario real medio pagado pola empresa en España, Alemaña e USA, 1996-2007 (\$ do ano 2000 por hora traballada)




FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE: *National Accounts and Labour Force Statistics*.

Cómpre lembrar que o salario real medio percibido polo traballador é substancialmente menor que o salario pagado pola empresa, xa que nos casos de Alemaña e de España preto dun 40% do custo salarial corresponde a cotizacións sociais e a impostos ligados ao emprego. No caso de USA esa porcentaxe é menor, pero as deducións non inclúen unha parte importante do custo da Seguridade Social que lle paga directamente o traballador á empresa aseguradora.

#### MODELOS ECONÓMICOS: IMPACTO POSITIVO DA PRODUCCIÓN INDUSTRIAL SOBRE O EMPREGO E OS SALARIOS

A gráfica 5 pon de manifesto a gran distancia que aínda separa a España dos niveis de produción industrial por habitante de Alemaña e de USA.

**Gráfica 5.** Producción industrial por habitante en España, Alemaña e USA, 1992-2010 (miles \$ a prezos e tipos de cambio do ano 2000)



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da OCDE.

É sorprendente que nos medios de comunicación apenas se analice este importante problema, mentres que con frecuencia se lle dedica un amplo tempo a cuestións moi secundarias. Perdéronse moitos anos nos que se podería ter impulsado este importante sector, e agora o que interesa é que non se perda máis tempo e que se acometan políticas realistas que permitan que o desenvolvemento industrial contribúa a mellorar a renda *per capita*, o salario real e a taxa de emprego de España.

No estudo de Guisán, Expósito e Aguayo (2011) preséntase, en primeiro lugar, un modelo biecuacional de emprego e de salarios nestes tres países e, en segundo lugar, a estimación dun modelo intersectorial que pon de manifesto o importante efecto positivo da industria sobre o PIB real e, polo tanto, sobre o emprego e os salarios.

As principais conclusións dos traballos citados na bibliografía poñen de manifesto a importancia do PIB na explicación do nivel de emprego e do impacto positivo da industria sobre o comercio exterior e o PIB real. Polo tanto, propiciar un adecuado desenvolvemento industrial conduce xeralmente a unha mellora da balanza comercial e a un incremento da capacidade importadora de consumos intermedios, que resulta de interese para o desenvolvemento tanto da industria como dos sectores non industriais.

## CONCLUSIONES

A economía española intentou un desenvolvemento desequilibrado dos sectores da “construción” e dos “servizos” debido, posiblemente nunha gran parte, á busca dunha vía rápida de incremento do emprego, con obxecto de aumentar a recadación por cotizacións á Seguridade Social e contribu-

ír ao financiamento das pensións de xubilación. Esta formulación mostrouse, como era previsible, errónea, ocasionando moitos problemas, incluída unha elevadísima taxa de paro. O importante é que se produza un cambio de política económica que teña en conta a necesidade de analizar e de impulsar a produción industrial e o desenvolvemento sostible do comercio exterior. A solución ao paro en España virá por un desenvolvemento equilibrado dos sectores produtivos cunha boa base industrial e cun comercio exterior dinámico e máis equilibrado. Non soluciona o paro a diminución de salarios en España, senón que, pola contra, as medidas efectivas de recuperación deben contemplar un incremento simultáneo da taxa de emprego e do salario real.

A importancia do desenvolvemento industrial para incrementar a taxa de emprego non agrario e o salario en todos os sectores produtivosponse de manifesto, entre outros, nos estudos económicos que se citan en Guisán (2011b), e entre os que se inclúen os seguintes: Kaldor (1963) e Azariadis, Ionnides e Pissarides (2010) –este último, premio Nobel– relativo as solucións á crise grega; Felipe (1998) sobre o desenvolvemento económico do sueste de Asia; Fingleton e McCombie (1998) e Guisán (2004) relacionados co desenvolvemento industrial das rexións europeas; Guisán e Aguayo (2004) no que se trata o impacto da industria no emprego nas rexións españolas; Guisán (2006) sobre o desenvolvemento industrial en Europa e en Norteamérica; e Guisán (2008) no que se recollen as relacións intersectoriais da industria a nivel mundial. Outros estudos de interese son os que analizan os factores que inflúen no desenvolvemento industrial, como o de Guisán e Cancelo (2004).

No caso de Galicia, o estudo de Guisán (1990) e doutras contribucións de prestixiosos economistas galegos tiveron

posiblemente un impacto positivo nos apoios á industrialización da década 1990-2000, pero lamentablemente non lograron influír de forma suficiente para garantir un desenvolvemento industrial sostido no período 2001-2010.

## BIBLIOGRAFÍA

- AZARIADIS, C.; IOANNIDES, I.; PISSARIDES, CH.A. (2010). *Development is the Only Solution. Seventeen Proposals for a New Development Strategy*. (<http://greekeconomistsforreform.com/>).
- DE LONG, J.B.; SUMMERS, L.H. (1991). "Equipment Investment in Economic Growth", *Quarterly Journal of Economics*, 100, pp. 445-502.
- FAGERBERG, J. (1988). "International Competitiveness", *The Economic Journal*, 98, pp. 355-374.
- FELIPE, J. (1998). "The Role of the Manufacturing Sector in Southeast Asian Development: A Test of Kaldor's First Law", *Journal of Post Keynesian Economics*, 20 (3), pp. 463-485.
- FINGLETON, B.; MCCOMBIE, J.S.L. (1998): "Increasing Returns and Economic Growth: Some Evidence for Manufacturing from the European Union Regions", *Oxford Economic Papers*, 50, pp. 89-105.
- GUISÁN, M.C. (1990). *Galicia 2000. Industria y empleo*. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- GUISÁN, M.C. (2004). "Education, Research and Manufacturing in EU25: An Inter-Sectoral Econometric Model of 151 European Regions, 1995-2000", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 4 (2), pp. 21-32. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2006). "Industry, Foreign Trade and Development: Econometric Models of Europe and North America, 1965-2003", *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 3 (1). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2008). "Manufacturing and Economic Development: Inter-Sectoral Relationships in Europe, America, Africa and

- Asia-Pacific, 1999-2006”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 8 (2), pp. 73-90. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. [ed.] (2011). *Empleo sectorial y participación social: situación en Europa desde una perspectiva de género*. (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2004). “Inversión industrial y empleo en las regiones españolas. 1976-1995”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 1 (2), pp. 69-88. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2007). “Production by Sector in the European Union: Analysis of France, Germany, Italy, Spain, Poland and the United Kingdom, 2000-2005”, *Regional and Sectoral Economic Studies*, 7 (1), pp. 33-46. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2011). *Temas de econometría aplicada: producción, empleo, salarios, comercio exterior, educación, sanidad, industria, turismo, calidad de vida e igualdad de género*. (Serie Estudios Económicos, 10). (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- GUISÁN, M.C.; CANELO, M.T. (2004). “Modelos de oferta y demanda de la industria manufacturera”, en M.C. Guisán, M.T. Canelo, I. Neira, E. Aguayo e P. Expósito: *Crecimiento económico en los países de la OCDE 2*, cap. 4. (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- INE (varios años): *Encuesta de Población Activa*. Madrid, ES: Instituto Nacional de Estadística.
- KALDOR, N. (1963). “Capital Accumulation and Economic Growth”, en F.A. Lutz e D.C. Hague [ed.]: *Proceedings of a Conference Held by the International Economics Association*. London, UK: Macmillan.
- KALDOR, N. (1966). “Causes of the Slow Rate of Economic Growth in the United Kingdom”, en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.] (1989): *The Essential Kaldor*. London, UK: Duckworth.
- KALDOR, N. (1970). “The Case for Regional Policies”, en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.] (1989): *The Essential Kaldor*. London, UK: Duckworth.

- KALDOR, N. (1975) "Economic Growth and the Verdoorn Law - A Comment on Mr. Rowthorn's Article", *The Economic Journal*, 85 (340), pp. 891-896.
- KALDOR, N. (1976). "Capitalismo y desarrollo industrial: algunas lecciones de la experiencia británica", en C.F. Díaz, S. Teitel e V. Tockman [comp.]: *Política económica en centro y periferia*. México, MX: Fondo de Cultura Económica.
- KALDOR, N. (1981). "The Role of Increasing Returns, Technical Progress and Cumulative Causation in the Theory of International Trade and Economic Growth", en F. Targetti e A.P. Thirlwall [comp.] (1989): *The Essential Kaldor*. London, UK: Duckworth.
- KORNAL, J. (1981). *The Economics of Shortage*. Amsterdam, NL: North-Holland.
- KUH, E. (1967). "A Productivity Theory of Wage Levels. An Alternative to the Phillips Curve", *The Review of Economic Studies*, 34 (4), pp. 333-360.
- KUH, E.; SCHMALENSEE, R.L. (1973). *An Introduction to Macroeconomics*. Amsterdam, NL: North-Holland.
- KRUGMAN, P. (1999). *Development, Geography, and Economic Theory*. Cambridge, MA: MIT Press.
- MC COMBIE, J.S.L.; RIDDER, J.R. (1984). "The Verdoorn Law Controversy: Some New Empirical Evidence Using U.S. State Data", *Oxford Economics Papers*, 36, pp. 268-284.
- MORENO RIVAS, A.M. (2008). "Las leyes del desarrollo económico endógeno de Kaldor: el caso colombiano", *Revista de Economía Institucional*, 10, pp. 129-148. ([http://www.scielo.unal.edu.co/scielo.php?pid=S0124-59962008000100006&script=sci\\_arttext](http://www.scielo.unal.edu.co/scielo.php?pid=S0124-59962008000100006&script=sci_arttext)). Bogotá, CO.
- MURPHY, K.; SHLEIFER, A.; VISHNY, R. (1989). "Industrialization and the Big Push", *Journal of Political Economy*, 97, pp. 1003-1026.
- MYRDAL, G. (1957). *Teoría económica y regiones subdesarrolladas*. México, MX: Fondo de Cultura Económica, 1970.
- NOBUKINI, M.; ADAMS, F. (1990). "A Supply-Side Interregional Model of the US Manufacturing Industry: 1960-78", *Papers of the Regional Science*, 68 (1), pp. 71-81.
- OECD (varios años). *Foreign Trade Statistics*. Paris, FR: OECD.

- OECD (varios años). *Labour Force Statistics. Several Years*. Paris, FR: OECD.
- OECD (varios años): *RD Expenditure in Industry*. Paris, FR: OECD.
- OECD (2008). *National Account Statistics*. Paris, FR: OECD.
- PILICHOWSKI, E.; TURKISH, E. (2008). *Employment in Government in the Perspective of the Production Costs of Goods and Services in the Public Domain*. (OECD Working Papers on Public Governance).
- PRESTON, R.S. (1975). "The Wharton Long Term Model: Input-Output within the Context of a Macro Forecasting Model", *International Economic Review*, 16, pp. 3-19.
- PREBISCH, R. (1959). "La política comercial de los países insuficientemente desarrollados", en R. Prebisch [ed.] (1981): *Obras escogidas*. Bogotá, CO: Plaza y Janés.
- ROMER, P. (1989). "Increasing Returns and Long-run Growth", *Journal of Political Economy*, 94 (5), pp. 1002-1037.
- TARGETTI, F.; FOTI, A. (1997). "Growth and Productivity: A Model of Cumulative Growth and Catching Up", *Cambridge Journal of Economics*, 21, pp. 27-43.
- THIRLWALL, A.P. (1983). "A Plain Man's Guide To Kaldor's Growth Laws", *Journal of Post Keynesian Economics*, 5 (3), pp. 345-358.
- THIRLWALL, A.P. (1987). *Nicholas Kaldor*. New York, NY: New York University Press.
- THIRLWALL, A.P. (2003). *La naturaleza del crecimiento económico. Un marco alternativo para comprender el desempeño de las naciones*. México, MX: Fondo de Cultura Económica.
- VERDOORN, P.J. (1949). "Factors that Determine the Growth of Labour Productivity", *Productivity Growth and Economic Performance. Essays on Verdoorn's Law*. New York, NY: Palgrave/MacMillan.
- VERDOORN, P.J. (1980): "Verdoorn's Law in Retrospect: A Comment", *The Economic Journal*, 90 (358), pp. 382-385.





## CAPÍTULO 5

### PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS MULLERES EN EUROPA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS  
EVA AGUAYO LORENZO

#### OS INDICADORES DE IGUALDADE DE XÉNERO DAS NACIÓN S UNIDAS

**N**a táboa 1 preséntanse os indicadores de desenvolvemento económico –Produto Interior Bruto *per capita* no ano 2007, expresado en miles de dólares a prezos e paridades de compra do ano 2005– xunto cos indicadores de participación política, empresarial e laboral das mulleres no ano 2008, segundo os datos das Nacións Unidas de UNDP (2008).

Os datos da táboa 1 corresponden a Europa, Rusia e USA, e inclúen, ademais do Produto Interior Bruto *per capita* (*PIBpc*), o indicador de participación das mulleres (*GEM*) das Nacións Unidas correspondente ao ano 2008, e compoñentes dese índice:

*GEM08 = Gender Empowerment Measure*

Este é un indicador de participación das mulleres, cuxo valor se aproximada a 100 en caso de igualdade cos homes, e que se calcula a partir dos seguintes indicadores:

- % *renda*: porcentaxe que supón a renda salarial media feminina con respecto á renda salarial media masculina.
- % *pol*: porcentaxe de participación feminina en postos políticos.
- % *emp*: porcentaxe de participación feminina en postos de dirección empresarial.
- % *tec*: participación laboral feminina en postos técnicos (*wtec*).

O indicador *GEM* debe completarse con outros criterios relativos á participación efectiva das mulleres na toma de decisións nos ámbitos político, laboral e empresarial. Non é o mesmo que as mulleres estean presentes nun grao adecuado de paridade numérica, pero en postos que teñen un menor poder de decisión que os dos homes, a que teñan canles de participación efectiva na toma de decisións.

Os países da táboa 1 que presentan un maior índice de igualdade de poder feminino, cun indicador *GEM08* maior que 90, son Noruega e Suecia. Séguenlles os países cuxo valor do *GEM08* está comprendido entre 80 e 90: Canadá, Dinamarca, Finlandia, Alemaña, Holanda, España e Suíza.

Os países que máis se aproximan á igualdade salarial media de mulleres e homes son Suecia, Noruega, Dinamarca, Finlandia e Lituania. España sitúase nun nivel bastante baixo, lixeiramente por riba do 50%.

Polo que respecta ao índice político, España sitúase nunha posición máis elevada que o Reino Unido, Francia ou USA, debido ao maior grao de paridade no número de representantes no Congreso. Pero, se temos en conta criterios complementarios como, por exemplo, o grao de poder de decisión real de cada representante -home ou muller-, observamos que en xeral o poder é menor en España que neses tres países de democracia máis avanzada, debido a que o

sistema electoral español –de listas cerradas e bloqueadas– concede un poder excesivo ás cúpulas dos partidos.

**Táboa 1.** Participación feminina e PIB *per capita*

Países	<i>GEM08</i>	<i>PIBpc</i>	<i>% pol</i>	<i>% tec</i>	<i>% emp</i>	<i>% renda</i>
Austria	74,80	35,5	27	48	29	40
Bélxica	84,10	33,4	36	19	31	52
Bulgaria	60,50	10,5	22	62	62	66
Croacia	62,20	14,7	21	51	26	69
R. Checa	65,00	22,9	16	53	29	60
Dinamarca	88,70	34,9	38	53	25	74
Estonia	65,50	19,3	21	68	34	63
Finlandia	89,20	33,3	41	35	30	72
Francia	78,00	31,6	20	48	38	62
Alemaña	85,20	33,2	31	50	38	61
Grecia	69,10	26,9	15	49	27	53
Hungría	58,60	17,9	11	61	37	67
Irlanda	72,70	41,0	15	52	31	58
Italia	73,40	28,7	20	47	33	49
Letonia	64,40	16,3	20	64	41	67
Lituania	61,40	16,6	18	71	40	72
Macedonia	64,40	8,3	32	51	27	49
Holanda	87,20	36,9	38	50	27	66
Noruega	91,50	49,3	36	50	33	79
Polonia	61,80	15,6	18	61	35	60
Portugal	74,10	21,1	28	51	33	61
Romanía	50,00	10,7	10	57	30	70
Rusia	54,40	13,9	11	64	39	63
Eslovaquia	63,80	19,3	19	58	28	59
Eslovenia	62,50	26,3	10	56	33	62
España	82,50	28,5	34	48	32	53
Suecia	92,50	34,1	47	51	32	84
Suíza	82,90	37,6	27	46	31	66
Reino Unido	78,60	33,7	20	47	35	70
USA	76,90	43,0	17	55	42	64

NOTA: O dato de Austria pode estar algo subvalorado.

FONTE: Guisán (2010) a partir dos datos da UNDP e do BM.

## IGUALDADE DE XÉNERO E CALIDADE DEMOCRÁTICA

De acordo cos estudos de liderado de Zencker (2009) e doutros expertos, a toma de decisións nas organizacións sociais e económicas segue un proceso interno no que a calidade das canles de comunicación ocupa un lugar esencial, de forma que as iniciativas que lideran as reformas e os avances da sociedade dependen en gran medida da capacidade dos líderes executivos para detectar e apoiar aquelas iniciativas interesantes que emerxen da base dos seus equipos ou da contorna dos seus asesores.

Así, a participación feminina na toma de decisións nos partidos políticos e nas organizacións non só depende de que aumente o número de mulleres en postos executivos ou de representación, senón tamén de que eses postos executivos teñan responsabilidades adecuadas á capacidade de decisión das mulleres directivas, e de que as canles de comunicación internas e externas da organización permitan unha comunicación eficaz.

Dada a maior tendencia dos homes a ocupar postos directivos, e a maior frecuencia con que as mulleres participan no liderado das organizacións desde postos intermedios, cómpre mellorar as canles de comunicación interna nas organizacións para que o liderado efectivo –para o ben da organización e da sociedade– permita a participación de iniciativas de interese desde distintos niveis da estrutura organizativa.

Os modelos econométricos de Guisán e Aguayo (2011) mostran que o nivel educativo inflúe de forma positiva no indicador de calidade política “voz dos cidadáns” de Kaufman, e que tanto o nivel educativo como este indicador de calidade política exercen un efecto positivo sobre os indica-

dores de igualdade de xénero e de calidade de vida das mulleres.

Na táboa 2 preséntanse os datos de *GEM08* e dos indicadores de calidade política en dezaseis países europeos e en tres países norteamericanos, mentres que na táboa 3 se mostra a correlación positiva entre estas tres variables.

**Táboa 2.** Igualdade de xénero e calidade do Goberno

País	<i>GEM08</i>	Voz dos cidadáns	Efectividade do Goberno
Dinamarca	0,8870	8,14	9,42
Noruega	0,9150	8,06	9,24
Suecia	0,9250	7,94	9,16
USA	0,7690	7,18	8,24
Austria	0,7480	7,78	8,46
Suíza	0,8290	8,10	9,48
Finlandia	0,8920	7,98	8,88
Países Baixos	0,8720	8,06	8,60
Canadá	0,8290	7,72	8,84
Reino Unido	0,7860	7,76	8,54
Irlanda	0,7270	7,80	8,34
Alemaña	0,8520	7,80	8,36
Francia	0,7800	7,54	7,60
México	0,6030	4,96	5,26
Bélxica	0,8410	7,88	8,18
España	0,8250	7,10	7,00
Portugal	0,7410	7,50	6,76
Italia	0,7340	7,24	5,66
Grecia	0,6910	6,92	5,96

NOTAS: *GEM08* é o indicador de igualdade de xénero das Nacións Unidas. A voz dos cidadáns e efectividade do Goberno son indicadores elaborados por Guisán (2010) a partir dos datos de Kaufman *et al.* (2008), e que se presentan nunha escala que vai desde o 0 ata o 10.

FONTE: Guisán (2010) a partir dos datos da UNDP e de Kaufman (2008).

**Táboa 3.** Coeficiente de correlación lineal entre as variables

	<i>GEM08</i>	Voz dos cidadáns	Efectividade do Goberno
<i>GEM08</i>	1,0000	0,7863	0,8000
Voz dos cidadáns	0,7863	1,0000	0,8118
Efectividade do Goberno	0,8000	0,8118	1,0000

NOTA: A igualdade de xénero está medida polo *GEM08* das Nacións Unidas.

FONTE: Guisán e Aguayo (2011), a partir dos datos da UNDP e de Kaufman (2008).


Observamos unha elevada correlación positiva entre os indicadores de calidade política e o indicador de igualdade de xénero.

A educación ten habitualmente un impacto moi positivo sobre a igualdade de xénero, xa que mellora a voz dos cidadáns; esta, á súa vez, mellora a efectividade do Goberno; e ambas as dúas variables de calidade política melloran a igualdade de xénero.

As gráficas 1 e 2 mostran o efecto positivo da educación e da calidade política sobre o indicador de igualdade de xénero.


O indicador de nivel educativo utilizado na gráfica 1 baséase nos datos de Barro e Lee, que son complementados con estimacións propias en caso de falta de datos para algúns países.

**Gráfica 1.** Igualdade de xénero e educación



FONTE: Guisán e Aguayo (2011) a partir de datos das Nacións Unidas e de Barro e Lee.

**Gráfica 2.** Igualdade de xénero e calidade política



FONTE: Guisán e Aguayo (2011) a partir de datos das Nacións Unidas e Kaufman *et al.* (2008)



## MULLERES EUROPEAS NA TOMA DE DECISIÓNS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, NOS SINDICATOS, NAS UNIVERSIDADES E NOUTRAS ORGANIZACIÓNS

En Guisán (2010) e en Guisán e Aguayo (2011a, 2011b) preséntanse suxestións de interese en relación co informe do European Women's Lobby (EWL). As táboas 4 e 5 recollen algúns datos seleccionados do dito informe.

**Táboa 4.** Mulleres europeas na toma de decisións

<p>1) <i>Un 33% dos comisarios europeos.</i></p> <p>2) <i>Un 22% dos membros dos Gobernos nacionais.</i></p> <p>3) <i>Un 3% dos presidentes das maiores empresas.</i></p> <p>4) <i>Un 9,7% dos membros dos Consellos de Administración das trescentas principais empresas europeas.</i></p> <p>5) <i>Só o 10% presiden as universidades en dezaseis países europeos.</i></p>
--

FONTE: Datos seleccionados do informe da EWL (2010).

**Táboa 5.** Mulleres europeas nos medios de comunicación

<p>1) <i>Hai catro homes por cada muller que consegue aparecer nos medios da UE.</i></p> <p>2) <i>As mulleres son a referencia central das noticias só nun 10% do tempo.</i></p> <p>3) <i>Un 6% dos expertos e un 14% dos locutores de noticias son mulleres.</i></p> <p>4) <i>Un 10% dos políticos que aparecen nas noticias son mulleres.</i></p> <p>5) <i>Entre o 2% e o 9% do tempo dedicado aos deportes.</i></p>
--

FONTE: Datos seleccionados do informe da EWL (2010).

O mencionado informe tamén presenta outros datos sobre a insuficiente participación das mulleres europeas na

toma de decisións, así como a escasa presenza na prensa e nos medios de comunicación de noticias sobre as mulleres con liderado económico, empresarial, político, científico, cultural ou deportivo.

#### PARTICIPACIÓN DAS MULLERES EN SINDICATOS, UNIVERSIDADES E CONSELLOS CONSULTIVOS

Outros ámbitos de interese con respecto á participación das mulleres son o ámbito sindical, as organizacións académicas, as publicacións científicas, os consellos consultivos e outros órganos nos que con frecuencia aínda atopan dificultades para lograr canles de participación adecuadas ás súas capacidades. En Guisán, Aguayo e Expósito (2012) analízanse algunhas cuestións de interese.

#### BIBLIOGRAFÍA

- BARRO, R.J.; JONG-WHA, L. (1994). "Sources of Economic Growth", *Carnegie-Rochester Conference Series on Public Policy*, 40 (1), pp. 1-46. Elsevier.
- GUISÁN, M.C. (2009a). "Educación, calidad del gobierno y desarrollo económico en América, Europa, África y Asia", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 9 (2). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2009b). "Quality of Government, Education and World Development: An Analysis of 132 countries, 2000-2007", *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 6 (Special Issue). (<http://www.usc.es/economet/aea.?-htm>).
- GUISÁN, M.C. (2010). "Participación laboral, política, económica e social das mulleres en Europa e en Norteamérica", *Revista Galega de Economía*, 19 (2), pp. 53-65. ([http://www.usc.es/econo/RGE/Vol19\\_2/galego/art3g.pdf](http://www.usc.es/econo/RGE/Vol19_2/galego/art3g.pdf)).

- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2012). *Empleo sectorial y participación social: situación en Europa desde una perspectiva de género*. (<http://www.usc.es/economet/libros.htm>).
- KAUFMANN, D.; KRAAY, A.; MASTRUZZI, M. (2008). *Governance Matters VII: Governance Indicators for 1996-2007*. (World Bank Policy Research Working Paper, 4654).
- NEIRA, I. (2007). "Capital humano y desarrollo económico mundial: modelos econométricos y perspectivas", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 7 (2). (<http://www.usc.es/economet/ea.htm>).
- PORTELA, M.; NEIRA, I. (2002). "Capital social: concepto y estudio econométrico sobre el capital social en España (Spanish)", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 2 (2). (<http://www.usc.es/economet/aea.htm>).
- TEORELL, J.; HOLMBER, S.; ROTHSTERN, B. (2008). *The Quality of Government Dataset*. Göteborg, SE: Goteborg University. (<http://www.q0g.pol.gu.se>).

## ANEXOS DE ECONOMÍA GALEGA

### INTRODUCCIÓN

**E**stes anexos baséanse en diversos informes e documentos incluídos na web de Galicia do Equipo Hispalink Galicia:

<http://www.usc.es/economet/galicia.htm>

Tamén se incorporan breves actualizacións sobre a evolución das economías galega e española nos blogs da Asociación Hispalink Galicia (AHG):

<http://hispalinkgalicia.blogspot.com>  
<http://economyaydesarrollo-eeg.blogspot.com>

No anexo A trátanse as relacións comerciais de Galicia; no anexo B, o turismo hoteleiro en Galicia e nas comunidades do Camiño Francés; no anexo C, o emprego e renda sectorial de Galicia no período 1980-2010 e, por último, no anexo D, o emprego e a poboación nas provincias e nas comarcas de Galicia.



ANEXO A

## RELACIONES COMERCIAIS DE GALICIA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

### RELACIONES INTERREXIONAIS

Llano e Esteban (2008) mostran as relacións comerciais interrexionais nas comunidades autónomas españolas. O saldo do comercio interrexional de Galicia (ventas-compras) ascendeu a 2 663 millóns de euros no ano 2003, a 3 126 millóns no ano 2007, e a 4 029 millóns no ano 2010.

O saldo é positivo con case todas as comunidades autónomas, agás con Cataluña, País Vasco e Navarra no ano 2003, e con Cataluña, País Vasco, Aragón, Cantabria, A Rioxa e Murcia no ano 2007.

Nas vendas de Galicia a outras comunidades autónomas destacan polo seu valor total no ano 2005 Castela e León, con máis de 4 mil millóns de euros; Asturias, con máis de 2 mil millóns; Madrid, con case 2 mil millóns; Cataluña, con algo máis de 1,5 miles de millóns; e País Vasco, con máis de 1,4 miles de millóns. Nas compras totais de Galicia destacan País Vasco, Castela e León e Cataluña, con máis de 2 mil millóns de euros cada unha; e Asturias, con máis de mil millóns.

A táboa A1 mostra que en termos por habitante destacan as vendas de produtos galegos nas comunidades de Asturias (2 061 €) e de Castela e León (1 659 €).

**Táboa A.1.** Vendas e compras de Galicia *per capita* no ano 2007

Destino	Poboación 2007	Vendas por habitante da rexión de destino	Vendas por habitante de Galicia	Compras por habitante de Galicia
Andalucía	8 059	139	404	320
Aragón	1 296	687	321	358
Asturias	1 074	2 061	799	394
Baleares	1 030	170	63	8
Canarias	2.025	292	214	24
Cantabria	572	372	77	92
Castela e León	2 528	1 659	1 513	766
Castela-La Mancha	1 977	508	362	203
Cataluña	7 210	219	568	766
Com. Valenciana	4 885	200	353	257
Estremadura	1 089	43	17	7
Galicia	2 772	5 151	5 151	5 151
Madrid	6 081	327	718	681
Murcia	1 392	179	90	94
Navarra	605	604	132	116
País Vasco	2 141	666	514	900
Rioxa, A	308	90	10	43
Ceuta e Melilla	1 460	79	4	0
Total sin Galicia	42 429	402	6 160	5 031
Total España	45 201	694	11 312	10 183

NOTA: Poboación en miles de persoas; vendas de Galicia en euros por habitante da rexión de destino; compras procedentes de cada comunidade autónoma en euros por cada habitante de Galicia.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de Llano e Esteban (2008) e dos datos de poboación do INE.

## EXPORTACIÓNS E IMPORTACIÓNS ESTRANXEIRAS

Segundo o informe de Gallego e Llano (2011), a distribución xeográfica do comercio de bens de Galicia no ano 2010, expresada en millóns de euros, é a seguinte:

- *Vendas*: 10 247 millóns á propia Comunidade, 15 699 millóns ao resto de España, e 15 159 exportacións ao resto do mundo. Polo tanto, as vendas totais ascenderon a 41 105 millóns de euros.
- *Compras*: 10 247 á propia Comunidade, 11 670 ao resto de España, e 13 824 ao resto do mundo. Deste modo, as compras totais supuxeron 35 741 millóns de euros.
- *Saldo*: O saldo interior de Galicia co resto de España no ano 2010 foi de 4 029 millóns de euros, e o saldo exterior de Galicia co estranxeiro supuxo 1 335 millóns de euros.

Galicia achega un saldo exterior positivo, con maiores exportacións que importacións, contribuíndo polo tanto a diminuír o déficit do comercio exterior de España.

Tanto no estudo de Álvarez e Vázquez (2002) para o período 1980-1997 coma no do ICEX (2010) para o ano 2010 destacan Francia e Portugal como os principais países de destino das exportacións galegas.

Os maiores saldos positivos (exportacións-importacións) de Galicia no ano 2010 correspondéronlle ao grupo “bens de equipo”, no que destacan os automóbiles, os vehículos de transporte de mercadorías e os buques. Nese ano tamén se distinguiu o sector de “bens de consumo”, especialmente no grupo de téxtil e confección.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, D.; VÁZQUEZ, E. (2002). “Comercio exterior de Galicia. Análisis econométrico”. *Regional and Sectoral Economic Studies*, 2 (1), pp. 59-79. ([http://ideas.repec.org/a/eea/eere/v2y2002i1\\_3.html](http://ideas.repec.org/a/eea/eere/v2y2002i1_3.html)).
- GALLEGO, N.; LLANO, C. (2011). *Informe trimestral del Proyecto C-interreg*. ([http://www.c-interreg.es/informe\\_trimestral\\_cinterreg\\_10\\_2011.pdf](http://www.c-interreg.es/informe_trimestral_cinterreg_10_2011.pdf)).



- ICEX (2010). *El comercio exterior de Galicia en enero-octubre de 2010*. ICEX, Dirección Territorial de Comercio y De-legación del ICEX en Vigo. (<http://galicia.comercio.es/icex/cma/contentTypes/common/records/viewDocument/0,,00.bin?doc=4426651>).
- INE. *Datos de población de las CC.AA. españolas*.
- LLANO C.; ESTEBAN, A. (2008). *El comercio inter-regional en España: Análisis de la base de datos C-interreg sobre comercio de bienes (1995-2006)*. ([http://www.c-interreg.es/El\\_Comercio\\_Interregional\\_en\\_Espa%C3%B1a\\_1995-2006\\_29\\_10\\_08.pdf](http://www.c-interreg.es/El_Comercio_Interregional_en_Espa%C3%B1a_1995-2006_29_10_08.pdf)).
- LLANO, C.; ESTEBAN, A.; PÉREZ, J.; PULIDO, C. (2010). "Opening the Interregional Trade «Black Box»: The C-Interreg Database for the Spanish Economy (1995-2005)", *International Regional Science Review*, 33 (3) (July), pp. 302-337.

## ANEXO B

### O TURISMO HOTELEIRO EN GALICIA E NAS COMUNIDADES DO CAMIÑO FRANCÉS

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS  
EVA AGUAYO LORENZO

#### TURISMO HOTELEIRO NAS PROVINCIAS GALEGAS

**A**táboa B.1 presenta datos do INE relativos ás pernoitas hoteleiras por rexión de orixe con destino ás catro provincias galegas. Tamén se inclúe a distribución no conxunto de España para os efectos de comparación.

A procedencia da propia rexión supón a porcentaxe máis elevada nas catro provincias: case o 30% en Pontevedra, máis do 30% na Coruña, por riba do 40% en Lugo, e superior ao 50% en Ourense.

Na provincia da Coruña destaca o turismo hoteleiro procedente das comunidades autónomas de Madrid (16,6%), Cataluña (8,8%), Andalucía (6,3%), Castela e León (5,3%) e País Vasco (5,2%).

Na provincia de Lugo predomina o turismo que provén das comunidades de Madrid (16,1%), Asturias (7,1%) e Castela e León (6,4%).

Na provincia de Ourense o turismo procede fundamentalmente das comunidades de Madrid (16,3%) e de Castela e León (8,1%).

E por último, na provincia de Pontevedra o turismo provén das comunidades de Madrid (12,7%), Castela e León

(10,3%), Asturias (6,8%), Andalucía (6,8%) e Cataluña (6,2%).

**Táboa B.1.** Distribución porcentual das pernoitas hoteleiras en cada provincia de Galicia e en España, segundo a comunidade autónoma de procedencia (maio de 2010)

Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
Andalucía	6,35	4,29	2,49	6,83	15,78
Aragón	1,17	0,97	0,39	2,29	2,75
Asturias	4,48	7,15	3,42	6,84	2,81
Baleares	1,08	1,09	0,26	1,14	1,78
Canarias	2,55	1,30	0,32	0,94	3,14
Cantabria	1,46	2,11	0,39	3,54	1,58
Castela e León	5,32	6,41	8,10	10,37	5,24
Castela-A Mancha	2,75	1,69	1,43	2,44	4,91
Cataluña	8,88	7,66	5,67	6,22	15,81
Com. Valenciana	3,72	2,42	1,67	4,82	8,19
Estremadura	0,75	0,55	0,32	2,83	1,71
Galicia	36,60	41,40	55,38	28,98	5,48
Madrid	16,66	16,11	16,31	12,76	21,07
Murcia	0,81	0,83	0,48	3,44	1,83
Navarra	1,13	0,81	0,45	1,56	1,40
País Vasco	5,23	4,46	2,74	4,44	5,60
Rioxa, A	0,61	0,48	0,12	0,48	0,59
Ceuta e Melilla	0,45	0,29	0,07	0,07	0,33
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE.

#### O TURISMO NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DO CAMIÑO FRANCÉS: 1995-2007

Na táboa B.2 preséntase o número de pernoitas hoteleiras das seguintes comunidades autónomas: Navarra, País Vasco, A Rioxa, Cantabria, Asturias, Castela e León, e Galicia.

**Táboa B.2.** Pernoitas en establecementos hoteleiros no Camiño Francés (en miles)

	1995	2001	2007	Incremento 1995-2001	Incremento 2001-2007
Asturias	1 085	2 438	3 428	1 353	990
Cantabria	1 137	2 237	2 690	1 100	453
Castela e León	3 409	6 191	7 759	2 782	1 568
Galicia	3 395	5 850	8 024	2 455	2 174
Navarra	598	1 148	1 462	550	314
País Vasco	1 762	2 688	3 960	926	1 272
Rioxa, A	447	754	930	307	176
Camiño Francés	11 833	21 306	28 253	9 473	6 947
Total España	159 286	228 407	271 377	69 121	42 970
% Camiño Francés/Total	7,43	9,33	10,41	13,70	16,17

FONTE: Guisán e Aguayo (2008) a partir dos datos do INE.

Observamos unha evolución positiva nas sete comunidades, cun incremento de 9,47 millóns de pernoitas no conxunto das comunidades autónomas do Camiño no período 1995-2001; de 6,94 millóns entre os anos 2001 e 2007; e de 16,42 millóns no período 1995-2007. Estes incrementos supoñen un 13,70% do incremento total de España no período 1995-2001 e un 16,17% no período 2001-2007.

As pernoitas hoteleiras no conxunto destas comunidades autónomas aumentou o seu peso no conxunto de pernoitas hoteleiras de España, pasando dun 7,43% no ano 1995 a un 9,33% no 2001, e a un 10,41% no 2007.

Malia o incremento, estas comunidades autónomas aínda teñen un peso moderado no conxunto hoteleiro de España, xa que o 10,41% das pernoitas no ano 2007 aínda está moi por baixo do 22,14%, que era o seu peso poboacional en España nese ano.

Nas táboas B.3 e B.4 móstrase, respectivamente, a evolución do turismo de orixe española e de orixe estranxeira nestas comunidades autónomas.

**Táboa B.3.** Distribución do turismo hoteleiro de orixe española, 2001-2007

Comunidades autónomas de destino	Miles de pernoitas		Porcentaxe no total	
	2001	2007	2001	2007
Asturias	2 215	3 053	2,60	2,62
Cantabria	1 929	2 310	2,27	1,99
Castela e León	5 189	6 436	6,10	5,53
Galicia	4 963	6 598	5,84	5,67
Navarra	931	1 148	1,10	0,99
País Vasco	1 860	2 672	2,19	2,30
Rioxa, A	658	789	0,77	0,68
Total Camiño Francés	17 745	23 006	20,86	19,78
Total comunidades autónomas	85 055	116 335	100,00	100,00

FONTE: Guisán e Aguayo (2008) a partir dos datos do INE.

No conxunto das sete comunidades autónomas do Camiño Francés o número de pernoitas aumentou entre os anos 2001 e 2007, tanto polo que respecta ás de orixe española –que pasaron de 17,7 a 23 millóns– coma nas de orixe estranxeira –que pasaron de 3,5 a 5,2 millóns–.

Segundo os datos da táboa B.4, o conxunto das sete comunidades autónomas do Camiño Francés mantivo un peso próximo ao 20% nas pernoitas hoteleiras de turistas españois no período 2001-2007: un 20,87% no ano 2001 e un 19,78% no ano 2007.

Polo que respecta ao turismo hoteleiro de orixe estranxeiro, a porcentaxe das sete comunidades autónomas do

Camiño Francés pasou dun 2,50% do total de España no ano 2001 a un 3,38% no 2007.

**Táboa B.4.** Distribución do turismo hoteleiro de orixe estranxeiro, 2001-2007

Comunidades autónomas de destino	Miles de pernoitas		Porcentaxe no total	
	2001	2007	2001	2007
Asturias	223	375	0,16	0,24
Cantabria	308	380	0,22	0,25
Castela e León	1 002	1 323	0,70	0,85
Galicia	887	1 426	0,62	0,92
Navarra	217	314	0,15	0,20
País Vasco	828	1 288	0,58	0,83
Rioxa, A	96	141	0,07	0,09
Total Camiño Francés	3 561	5 247	2,48	3,38
Total comunidades autónomas	143 352	155 042	100,00	100,00

FONTE: Guisán e Aguayo(2008) a partir dos datos do INE.

## BIBLIOGRAFÍA

- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2008). "Evolucion del turismo hotelero en las regiones españolas, 2001-2008", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 8 (1), pp. 129-142. (<http://www.usc.es/economet/rses.htm>).
- INE (2010). *Estadísticas de pernoctaciones hoteleras*. (<http://www.ine.es/daco/daco42/prechote/cth0510.pdf>).
- LLANO C.; DE LA MATA, T. (2009): "El comercio interregional en España: una primera estimación de los flujos bilaterales del sector turismo", *Revista del ICE*, 848 (mayo-junio), pp. 67-88.



ANEXO C

## EMPREGO E RENDA SECTORIAL DE GALICIA NO PERÍODO 1980-2010

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

### INTRODUCCIÓN

**N**este anexo presentamos un resumo da evolución da industria e do emprego en Galicia no período 1980-2010, baseándonos no documento de Guisán (2006) para o período 1980-2006, e nunha actualización para o 2007-2010.

É unha continuación do estudo *Galicia 2000. Industria y empleo* (Guisán, 1990), no que se indicaban as perspectivas e os obxectivos que alcanzar no ano 2000 e posteriormente.

Os principais obxectivos son analizar a evolución do emprego sectorial en Galicia e suxerir medidas de política económica que poidan dinamizar a creación de emprego e contribuír a un incremento da renda *per capita* que nos permita achegarnos ao nivel da media da Unión Europea.

Na seguinte sección presentamos unha visión xeral e sintética da evolución da poboación e do emprego en Galicia e en España, a nivel de catro grandes sectores produtivos, por quinquenios para o período 1980-2005, así como a situación no ano 2006. A continuación analizamos polo miúdo a renda real por habitante a nivel de quince sectores produtivos, e a taxa de emprego a nivel de nove grandes sectores,




con datos anuais do período 1995-2005. De seguido estúdase o impacto da inmigración sobre a renda real *per capita*, e as taxas de emprego en Galicia e en España. E por último, compárase a situación de Galicia con outras rexións españolas e europeas, destacando algúns dos principais retos que ten a economía galega para alcanzar un maior grao de desenvolvemento.

#### EMPREGO SECTORIAL NO PERÍODO 1980-2010

Na gráfica C.1 observamos un incremento do emprego non agrario no período 1965-1976, un lixeiro descenso entre os anos 1976 e 1985, un incremento no período 1986-1991, un descenso entre os anos 1992 e 1995, seguido dun importante crecemento no período 1996-2007 e dunha caída entre os anos 2007 e 2010.

**Gráfica C.1.** Emprego agrario e non agrario en Galicia (en miles de persoas)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

Na táboa C.1 preséntase a evolución da taxa de emprego non agrario en Galicia e en España no período 1995-2010, taxa que no período 1995-2005 experimentou un incremento dun 52% en Galicia e dun 46% en España, aproximándose así aos niveis medios de Europa.

O crecemento desta taxa foi maior en Galicia que en España: a taxa de Galicia pasou de representar un 86% do valor da taxa de España no ano 1995 a supoñer un 90% no ano 2005 e un 103% no ano 2010.

Nas táboas C.2 a C.7 preséntase –con datos quinquenais do período 1980-2010– a evolución do emprego agrario, do emprego non agrario, do emprego total e da poboación residente en Galicia e en España.

**Táboa C.1.** Taxas de emprego non agrario (en ocupados por cada mil habitantes)

Ano	Galicia	España
1995	240	278
2000	307	357
2005	365	407
2010	388	375

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.2.** Emprego agrario (en miles de persoas)

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	471	2 219	21,2
1985	481	1 943	24,7
1990	337	1 472	22,8
1995	259	1 106	23,5
2000	174	1 028	17,0
2005	120	1 000	12,0
2010	87	793	11,0

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.3. Emprego industrial**

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	183	3 115	5,88
1985	160	2 593	6,15
1990	157	2 978	5,26
1995	138	2 485	5,56
2000	180	3 082	5,85
2005	217	3 280	6,63
2010	172	2 611	6,59

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.4. Emprego na construción**

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	106	1 038	10,17
1985	70	776	8,96
1990	93	1 220	7,63
1995	93	1 135	8,24
2000	119	1 723	6,93
2005	125	2 357	5,30
2010	105	1 651	6,36

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.5. Emprego nos servizos**

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	328	5 177	6,33
1985	335	5 309	6,31
1990	443	6 908	6,41
1995	427	7 316	5,84
2000	538	9 672	5,56
2005	667	12 335	5,40
2010	737	13 402	5,50

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.6.** Emprego non agrario (en miles de persoas)

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	617	9 330	6,6
1985	564	8 678	6,5
1990	693	11 107	6,2
1995	658	10 935	6,0
2000	837	14 477	5,8
2005	1 009	17 972	5,6
2010	1 014	17 601	5,8

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.7.** Emprego total (en miles de persoas)

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	1 087	11 549	9,4
1985	1 045	10 621	9,8
1990	1 029	12 579	8,2
1995	918	12 041	7,6
2000	1 011	15 505	6,5
2005	1 129	18 973	6,0
2010	1 101	18 394	6,0

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

O sector agrario inclúe “Agricultura, gandería, sector forestal e pesca”, mentres que o sector non agrario inclúe “Industria, construción e servizos”. Os datos de emprego e de poboación están expresados en miles de persoas, e a porcentaxe Galicia/España (%G/E) foi elaborada a partir dos datos do INE.

O emprego non agrario de Galicia experimentou un importante crecemento no período 1985-2000, cun incremento dun 48%, resultado bastante satisfactorio con respecto ao

obxectivo proposto en Galicia 2000: un 62%. No período 2000-2005 a evolución tamén foi moi positiva, cun crecemento dun 20,5%.

O grande incremento experimentado polo emprego non agrario de Galicia no período 1995-2005 –ata alcanzar algo máis de un millón de empregos– foi moi importante para contrarrestar a diminución do emprego agrario, e permitiu lograr un crecemento do emprego total de Galicia que, expresado en miles de persoas, pasou de 918 no ano 1995 a 1 129 no ano 2005.

A poboación de Galicia apenas variou no período 1960-2005: 2,73 millóns de habitantes no ano 1960, 2,80 millóns no ano 1980, e 2,76 millóns no ano 2005; mentres que a poboación de España creceu case nun 44% durante ese período: 30,58 millóns de habitantes no ano 1960, 37,38 millóns no ano 1980 e 43,97 millóns no ano 2005 (táboa C.8).

**Táboa C.8.** Poboación (en miles de persoas)

Ano	Galicia	España	% G/E
1980	2 800	37 386	7,5
1985	2 780	38 420	7,2
1990	2 740	38 851	7,1
1995	2 740	39 345	7,0
2000	2 731	40 499	6,7
2005	2 760	43 975	6,3
2010	2 797	46 951	6,0

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

O peso demográfico de Galicia no total de España diminuíu: no ano 1960 representaba un 8,9%, no ano 1980 supoñía un 7,5%, e no ano 2010 era dun 6,0%, pero a renda


*per capita* e a taxa de emprego creceron algo máis en Galicia que en España durante o período 1995-2005.

Sen o efecto da inmigración a poboación de España situaríase preto dos 40,5 millóns de habitantes no ano 2005, mentres que o emprego se aproximaría aos 17,5 millóns de persoas, e o peso de Galicia sería dun 6,4% no emprego e dun 6,8% na poboación.

As seguintes gráficas mostran a evolución do emprego sectorial en Galicia e en España no período 1980-2010, e foron elaboradas a partir dos datos do INE e do IGE.

As gráficas C.2 a C.5 mostran a evolución do emprego sectorial en Galicia medido en miles de persoas ocupadas (escala da esquerda, liña continua), así como a porcentaxe de participación de Galicia no emprego do sector en España (escala da dereita, liña descontinua).


**Gráfica C.2.** Emprego en Galicia: agricultura e pesca (esquerda: en miles de persoas, dereita: en % Galicia/España)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

Malia o forte descenso do emprego do sector da agricultura e da pesca, Galicia continúa tendo un peso relativo importante, con algo máis dun 12% do total de España, e cunha taxa de emprego agrario por cada mil habitantes superior á da media da Unión Europea.

**Gráfica C.3.** Emprego en Galicia: industria (esquerda: en miles de persoas, dereita: en % Galicia/España)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.


O emprego industrial de Galicia aumentou nos períodos 1987-1993 e 1995-2005, mentres que a participación de Galicia no emprego industrial de España creceu, pasando de menos dun 5,5% no ano 1990 a algo máis dun 6,5% entre os anos 2005 e 2010.

Como se indica en Guisán (2010), entre os anos 2008 e 2010 o emprego industrial diminúe en España e na OCDE, en parte como consecuencia da falta de políticas de apoio á industria, véndose Galicia afectada por iso.

O desenvolvemento industrial tivo unha influencia positiva sobre o emprego e o valor engadido dos sectores da construción e dos servizos, pero non se apoiou suficientemente a industria en España como para facer sostible no tempo o desenvolvemento doutros sectores, e como consecuencia o emprego na construción e nos servizos diminuíu no período 2008-2010.

As gráficas C.4 e C.5 presentan a evolución do sector da construción.

**Gráfica C.4.** Emprego en Galicia: construción (esquerda: en miles de persoas, dereita: en % Galicia/España)




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

Na gráfica C.5, relativa ao sector dos servizos, obsérvase que logo do estancamento do período 1980-1985 tivo lugar un importante crecemento nos períodos 1985-1990 e 1994-2005. O emprego no sector dos servizos supón xa case 2/3 do emprego total de España, experimentando un gran crecemento tanto en Galicia coma en España a partir do ano 1994, pero aínda pode expandirse máis, ata alcanzar un



maior grao de converxencia cos países máis avanzados da OCDE.

**Gráfica C.5.** Empleo en Galicia: servicios (esquerda: en miles de persoas, dereita: en % Galicia/España)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.


Como pode verse nesta gráfica, logo do estancamento do período 1980-1985 tivo lugar un importante crecemento no período 1985-1990, ao que seguiu un novo estancamento entre os anos 1990 e 1995, e outro importante crecemento no período 1996-2007, seguido dunha diminución entre os anos 2008-2010.

Como xa sinalamos, o emprego no sector de servizos supón xa case os 2/3 do emprego total de España, experimentando un forte crecemento tanto en Galicia coma en España que se debe ao impacto positivo do incremento da produción industrial sobre o valor engadido dos sectores de servizos e a outros factores, como o turismo. Para que Galicia e España alcancen taxas de emprego neste sector simila-

res ás dos países máis avanzados cómpre un maior desenvolvemento industrial.

Galicia tivo un importante crecemento da actividade construtora no período 1994-2007, pero en menor proporción que o grande incremento experimentado polo conxunto de España, como se pode ver na gráfica C.6, na que se mostra a evolución da taxa de emprego na construción por cada mil habitantes en Galicia e en España.

**Gráfica C.6.** Taxa de emprego na construción (persoas ocupadas por cada 1.000 habitantes)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

#### RENDA SECTORIAL POR HABITANTE EN QUINCE SECTORES E TAXA DE EMPREGO EN NOVE SECTORES

#### RENDA *PER CAPITA* DE CATRO GRANDES SECTORES

Nas táboas C.9 a C.12 preséntase a evolución da renda real *per capita* dos sectores produtivos de Galicia, que se

calcula mediante o cociente do valor engadido a prezos correntes (VAB) e o índice de prezos do consumo de España (IPC), e que se expresa en euros por habitante a prezos do ano 2000, é dicir, eliminando o efecto da inflación, a partir dos datos do IGE e do INE.

A renda producida total por habitante de Galicia no período 1995-2005 experimentou un crecemento medio anual dun 3,52%, dato bastante bo e superior ao de España, que se situou preto dun 2,56%. Isto permitiu unha aproximación da renda *per capita* de Galicia á media de España, aínda que ata o momento non alcanzou ese nivel. Entre os anos 2005 e 2010 a renda producida por habitante tivo un crecemento anual medio de só un 1,53% no caso de Galicia e dun 1,83% no caso de España

A táboa C.9 mostra os catro grandes sectores produtivos. A renda *per capita* da agricultura (Agr) presenta un claro estancamento, mentres que a da industria (Ind) creceu, durante o período 1995-2005, nun 34%, a da construción (Cons) nun 85%, a dos servizos (Serv) nun 43%, e a renda total *per capita* nun 42%. O conxunto de sectores non agrarios tivo unha evolución moi positiva.

**Táboa C.9.** Renda sectorial *per capita* de Galicia: agricultura, industria, construción, servizos e total (en euros a prezos do ano 2000)

Ano	Agr	Ind	Cons	Serv	Total
1995	676	1 845	972	5 707	9 199
2000	630	2 336	1 261	6 913	11 140
2005	664	2 465	1 802	8 152	13 083
2010	620	2 413	1 568	9 522	14 123

NOTA: Agr: Agricultura e pesca, Ind: Industria, Cons: Construción, Serv: Servizos.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

No período 2005-2010 a industria non experimentou incremento, a construción diminuíu, e os sectores de servizos creceron malia a crise económica no período 2007-2010.

Entre os anos 1995 e 2010 a proporción Galicia/España nos sectores da industria e da construción tivo unha evolución positiva ata situarse Galicia no ano 2010 en niveis similares aos do conxunto de España en renda real producida por habitante neses sectores.

No sector de agricultura e pesca, Galicia superou durante o período 1995-2010 a media española, que se situou no ano 2010 en 420 euros por habitante no caso de España e de 620 no caso de Galicia.

No sector servizos, a renda real producida por habitante en Galicia aínda era menor que a media española no ano 2010, aínda que o cociente Galicia/España mostrou unha tendencia crecente no período 1995-2009.

#### INDUSTRIA: 1995-2005

A táboa C.10 presenta os datos da Industria, desagregados en catro sectores industriais: enerxía (En), industrias de bens intermedios (BI), industrias de bens de equipo (BE), industrias de bens de consumo (BC), así como o total das industrias manufactureiras (M).

**Táboa C.10.** Renda real *per capita* de Galicia nos sectores industriais (en euros a prezos do ano 2000)

Ano	En	BI	BE	BC	M	Total
1995	546	354	317	627	1 299	1 845
2000	539	470	532	795	1 797	2 336
2005	493	510	641	822	1 973	2 465

NOTA: En =Enerxía, BI= Bens intermedios, BE = Bens de equipo, BC= Bens de consumo, Manufacturas: M=BI+BE+BC, Total=En+M.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

No conxunto de industrias non enerxéticas, o incremento foi dun 52% durante o período 1995-2005.

As táboas C.11 e C.12 presentan os datos de servizos desagregados en nove sectores:

- S1 = Comercio e reparacións.
- S2 = Hostalería.
- S3 = Transportes e comunicacións.
- S4 = Sector financeiro.
- S5 = Servizos empresariais e inmobiliarios.
- S6 = Educación.
- S7 = Sanidade e servizos sociais.
- S8 = Servizos persoais e familiares.
- S9 = Administración Pública.

**Táboa C.11.** Renda real por habitante no sector servizos: S1 a S5 (en euros do ano 2000)

Ano	S1	S2	S3	S4	S5
1995	1 096	548	558	387	1 150
2000	1 310	652	700	424	1 563
2005	1 547	822	763	515	1 875

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa C.12.** Renda real por habitante no sector servizos: S6 a S9 (en euros do ano 2000)

Ano	S6	S7	S8	S9
1995	595	487	339	547
2000	670	560	446	589
2005	763	664	563	640

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

Todos os sectores da táboa C.11 experimentaron un destacado crecemento nese período. O sector de comercio e reparacións (S1) creceu un 41%, o sector de hostalería (S2) un 50%, o sector de servizos de transportes e comunicacións (S3) un 37%, o sector de servizos financeiros (S4) un 33%, e o sector de servizos empresariais e inmobiliarios (S5) un 63%.

Polo que respecta aos sectores da táboa C.12, o crecemento foi moderado no sector de educación (S6) cun 28%, e no de Administración Pública (S9) cun 17%, mentres que foi algo maior no sector de sanidade e servizos sociais (S7) cun 36%, e moi elevado no sector de servizos persoais e familiares (S8) cun 66%.

#### RELACIONES INTERSECTORIAIS


Os estudos económicos internacionais mostran o importante papel impulsor da agricultura e da industria sobre as actividades dos sectores de construción e servizos, tanto por parte da oferta como da demanda.

A gráfica C.7 mostra a relación entre o valor engadido a prezos correntes dos sectores de construción e servizos e o dos sectores de agricultura e industria en Galicia. Unha relación similar mantense se expresamos o valor engadido a prezos constantes.

Esta relación mantense na maioría dos países e rexións de todo o mundo, de forma que o desenvolvemento industrial segue a ser en xeral moi necesario para garantir o incremento do PIB por habitante, da taxa de emprego e do salario real.

A caída da produción industrial de Galicia e de España no período 2008-2010 tivo consecuencias moi negativas para a economía, e por iso é unha cuestión que cómpre resolver con prioridade.

**Gráfica C.7.** Relaciones intersectoriais (valor engadido en millóns de euros)



NOTA: V: Valor engadido, B: Construción, S: Servizos, A: Agricultura, I: Industria.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

## BIBLIOGRAFÍA

- GUISÁN, M.C. (2002). "La industria en España y en la OCDE, 1960-2000", *Regional and Sectoral Economic Studies*, 2 (2), pp. 85-100. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2005). "Evolución de la inmigración neta en España, Europa y América, 1965-2004", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 5 (2). (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).
- GUISÁN, M.C. (2011). *Informe Hispalink-Galicia: Renta sectorial y empleo en 2010*.
- GUISÁN, M.C.; EXPÓSITO, P. (2005). "La agricultura en España y la OCDE, 1900-2000", *Regional and Sectoral Economic Studies/Estudios Económicos Regionales y Sectoriales*, 1 (2), pp. 97-120. (<http://www.usc.es/economet/econometria.htm>).

## ANEXO D


### EMPREGO E POBOACIÓN NAS PROVINCIAS E COMARCAS DE GALICIA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS

#### EMPREGO SECTORIAL NAS PROVINCIAS GALEGAS

**A**s gráficas D.1 a D.4 mostran a taxa de emprego por cada mil habitantes das provincias galegas no ano 2010, en comparación co conxunto de España e con tres países que presentan un elevado nivel de desenvolvemento: Alemaña, Suíza e USA.

**Gráfica D.1.** Taxa de emprego agrario por cada mil habitantes, 2010




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, do INE e da OCDE.



Na agricultura, as taxas de emprego das provincias galegas sitúanse nun número de empregos por cada mil habitantes similar ao de Suíza, agás no caso de Lugo, que é moito máis elevado.

**Gráfico D.2.** Taxa de emprego na industria, 2010



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, do INE e da OCDE.


Na industria, as taxas de emprego da Coruña e de Ourense son similares ás do conxunto de España, mentres que a de Lugo é máis baixa, e a de Pontevedra máis elevada que a media española. A taxa española é similar á de USA, aínda que cun nivel de produción industrial por habitante moito menor que o de USA.

O incremento necesario da produción industrial de España pode conducir ou non a un incremento directo do emprego no propio sector industrial, e en xeral ten un im-

portante efecto positivo indirecto sobre os sectores de servizos. En Alemaña e Suíza o incremento da produción industrial xera moito emprego directo na industria e tamén nos servizos, mentres que en USA ten un menor impacto sobre o propio sector industrial, pero xera moito emprego indirecto nos sectores de servizos.

No caso de Galicia e de España é moi importante incrementar a produción industrial para xerar emprego directo no propio sector e emprego indirecto noutros sectores, especialmente no de servizos.

**Gráfico D.3.** Taxa de emprego na construción, 2010




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, do INE e da OCDE.

No sector da construción as taxas de emprego das provincias galegas e do conxunto de España no ano 2010 foron máis elevadas que en Alemaña e en Estados Unidos, malia a crise económica do período 2008-2010. A pro-

vincia da Coruña situouse a un nivel elevado, similar ao de Suíza.

**Gráfico D.4.** Taxa de emprego nos sectores de servizos, 2010




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, do INE e da OCDE.

No sector servizos as provincias galegas sitúanse nun nivel moi baixo en comparación con Alemaña, USA e Suíza. É moi importante impulsar unha converxencia da produción industrial por habitante cara ao nivel deses países con obxecto de favorecer o incremento do emprego nos sectores de servizos.

A gráfica D.5 mostra a evolución da taxa de emprego non agrario nas provincias galegas no período 1995-2011. Observamos que os valores máis elevados no ano 2008 corresponden á Coruña e a Pontevedra. Entre os anos 2009 e 2011 obsérvase un descenso importante desta taxa en Ou-

rense e en Pontevedra, un lixeiro descenso na Coruña e un estancamento en Lugo.

**Gráfica D5. Taxa de emprego non agrario,1995-2011**



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

#### POBOACIÓN COMARCAL NO PERÍODO 2005-2010

Na táboa D.1 recóllense os datos das catro provincias galegas, así como os do conxunto da Comunidade. Nas táboas

D.2 a D.5 recóllense os datos de poboación das comarcas das catro provincias galegas no período 2005-2010.

**Táboa D.1.** Datos provinciais, 2005-2010

Provincia	2005	2010	Variación 1981-2005	Variación 2005-2010
Coruña, A	1 126 707	1 146 458	33 585	19 751
Lugo	356 595	353 504	-48 782	-3 091
Ourense	338 671	335 219	-91 504	-3 452
Pontevedra	943 117	962 472	59 849	19 355
Galicia	2 765 090	2 797 653	-46 852	32 563

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE e do INE.

**Táboa D.2.** Poboación das comarcas da Coruña, 2005-2010 (en número de habitantes)

Nº	Comarca	Poboación		Incremento	
		2005	2010	1981-2005	2005-2010
1	Arzúa	18 496	17 549	-4 264	-947
2	Barbanza	66 832	68 264	2 220	1 432
3	Barcala, A	11 321	11 349	-4 811	28
4	Bergantiños	70 458	70 246	-5 187	-212
5	Betanzos (5)	39 238	39 621	-4 804	383
6	Coruña, A	377 906	395 412	68 543	17 506
7	Eume	27 760	26 719	-2 165	-1 041
8	Ferrol	163 669	162 980	-10 591	-689
9	Fisterra	24 326	23 744	-2 499	-582
10	Muros (10)	15 239	14 608	-4 276	-631
11	Noia	36 370	35 832	-4 000	-538
12	Ordes	38 396	38 734	-2 831	338
13	Ortega	15 810	14 364	-5 804	-1 446
14	Santiago	152 842	161 893	25 195	9 051
15	Sar, O (15)	17 306	16 938	-2 199	-368
16	Terra de Melide	13 854	13 294	-2 972	-560
17	Terra de Soneira	20 713	19 649	-3 482	-1 064
18	Xallas	16 171	15 262	-2 488	-909

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

**Táboa D.3.** Poboación das comarcas de Lugo, 2005-2010 (en número de habitantes)

Nº	Comarca	Poboación		Incremento	
		2005	2010	1981-2005	2005-2010
19	Ancares, Os	13 109	11 837	-8 298	-1 272
20	Chantada	16 144	15 019	-5 223	-1 125
21	Fonsagrada, A	6 908	6 152	-5 649	-756
22	Lugo	115 814	120 328	13 749	4 514
23	Mariña Central, A	30 359	30 701	5 168	342
24	Mariña Occidental, A	27 560	27 454	-6 111	-106
25	Mariña Oriental, A	17 268	17 322	-2 631	54
26	Meira	6 214	5 748	-2 760	-466
27	Quiroga	6 800	6 097	-3 397	-703
28	Sarria	25 485	24 697	-5 253	-788
29	Terra Chá	46 688	44 642	-11 400	-2 046
30	Terra de Lemos	34 641	33 351	-11 134	-1 290
31	Ulloa, A	10 635	10 156	-4 813	-479

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

**Táboa D.4.** Poboación das comarcas de Ourense 2005-2010 (en número de habitantes)

Nº	Comarca	Poboación		Incremento	
		2005	2010	1981-2005	2005-2010
32	Allariz-Maceda	15 120	15 155	-6 262	35
33	Baixa Limia	9 245	8 519	-9 867	-726
34	Carballiño, O	29 852	29 407	-8 794	-445
35	Limia, A	24 266	23 375	-17 214	-891
36	Ourense	144 282	146 626	12 067	2 344
37	Ribeiro, O	20 154	19 072	-11 230	-1 082
38	Terra de Caldelas	4 203	3 650	-5 591	-553
39	Terra de Celanova	21 963	20 812	-16 944	-1 151
40	Terra de Trives	5 473	4 878	-5 767	-595
41	Valdeorras	28 984	28 217	-5 420	-767
42	Verín	28 697	28 596	-10 578	-101
43	Viana	7 316	6 912	-5 020	-404


FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

**Táboa D.5.** Poboación das comarcas de Pontevedra, 2005-2010 (en número de habitantes)

Nº	Comarca	Poboación		Incremento	
		2005	2010	1981-2005	2005-2010
44	Baixo Miño,O	48 042	51 062	3 932	3 020
45	Caldas	35 208	35 411	-1 505	203
46	Condado, O	40 192	43 135	972	2 943
47	Deza	45 328	44 769	-5 327	-559
48	Morrazo, O	81 895	83 509	6 726	1 614
49	Paradanta, A	17 120	16 199	-7 963	-921
50	Pontevedra	119 981	123 733	12 261	3 752
51	Salnés, O	107 538	111 763	8 615	4 225
52	Tabeirós-Terra de Montes	29 011	28 235	-10 756	-776
53	Vigo	413 996	424 656	48 088	10 660

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

**Gráfica D.6.** Comarcas con aumento de poboación no período 2005-2010 (en miles de persoas)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

As comarcas máis destacadas polo incremento de poboación no período 2005-2010 foron A Coruña, Vigo e Santiago.

Na provincia da Coruña sete das dezoito comarcas tiveron un aumento de poboación nese período: 2. Barbanza, 3. A Barcala, 5. Betanzos, 6. A Coruña, 12. Ordes e 14. Santiago.

Na provincia de Lugo só tres das trece comarcas experimentaron un incremento de poboación neses anos: 22. Lugo, 23. A Mariña Central e 25. A Mariña Oriental.

Na provincia de Ourense só foron dúas das súas vinte e dúas comarcas as que creceron en poboación nese período: 32. Allariz-Maceda e 36. Ourense.

Na provincia de Pontevedra sete das súas once comarcas conseguiron incrementar a súa poboación neses anos: 44. O Baixo Miño, 45. Caldas, 46. O Condado, 48. O Morrazo, 50. Pontevedra, 51. O Salnés e 53. Vigo.

#### O EMPREGO NAS COMARCAS DE GALICIA

A táboa D.6 mostra que se produciu un descenso de 50 920 afiliacións de Galicia á Seguridade Social no período 2006-2010, que representa un 5% de diminución con respecto ás afiliacións do ano 2006.

Todas as comarcas perderon afiliacións, agás a de Santiago, que tivo un incremento de 1 929, que supón un 3% de incremento con respecto ás afiliacións do ano 2006. O número de afiliacións masculinas diminuíu en 62 707, mentres que o número de afiliacións femininas aumentou en 11 687.

A gráfica D.7. mostra as comarcas galegas con maior número de afiliados á Seguridade Social por cada mil habitantes no ano 2010. Na provincia da Coruña destacan Santiago, Ordes, A Coruña e Arzúa. En Lugo e en Ourense destacan as comarcas correspondentes ás capitais provinciais, e na provincia de Pontevedra a máis destacada é Vigo.

A gráfica 8 mostra as comarcas nas que houbo un incremento positivo de afiliacións á Seguridade Social, ou un des-




censo menor do 5% no período 2006-2010. Só a comarca de Santiago experimentou unha variación positiva, aínda que modesta, pois foi menor do 1%. Na provincia da Coruña tiveron descensos menores do 5% as comarcas de Arzúa, Betanzos, A Coruña e Fisterra. Na provincia de Lugo os descensos menores do 5% corresponderon a Lugo e a Sarria. Na provincia de Ourense as comarcas de Allariz-Maceda e de Ourense acadaron un descenso menor do 5%. En Pontevedra todas as comarcas obtiveron un descenso maior do 5%.

**Táboa D.6.** Afiliacións á Seguridade Social no período 2006-2010 nas provincias galegas por xénero

	2006	2010	Diferenza
<i>Homes</i>			
Coruña, A	234 159	213 860	-20 299
Lugo	72 656	65 935	-6 721
Ourense	60 775	54 300	-6 475
Pontevedra	207 993	178 781	-29 212
<i>Galicia</i>	<i>575 583</i>	<i>512 876</i>	<i>-62 707</i>
<i>Mulleres</i>			
Coruña, A	180 347	187 729	7 382
Lugo	56 080	57 589	1 509
Ourense	46 254	47 952	1 698
Pontevedra	150 348	151 446	1 098
<i>Galicia</i>	<i>433 029</i>	<i>444 716</i>	<i>11 687</i>
<i>Total</i>			
Coruña, A	414 506	401 589	- 12 917
Lugo	128 736	123 524	-5 212
Ourense	107 029	102 252	-4 777
Pontevedra	358 241	330 227	-28 114
<i>Galicia</i>	<i>1 008 512</i>	<i>957 592</i>	<i>-51 020</i>


FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da Seguridade Social e do IGE.

**Gráfica D.7.** Comarcas máis destacadas polo número de afiliados á Seguridade Social por cada mil habitantes no ano 2010



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da Seguridade Social e do IGE.

**Gráfica D.8.** Comarcas con menor porcentaxe de perda de afiliacións á Seguridade Social no período 2006-2010



FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da Seguridade Social e do IGE.

A táboa D.7 mostra a evolución das afiliacións totais por comarcas no período 2006-2010.

**Táboa D.7.** Afiliacións á Seguridade Social no período 2006-2010 nas comarcas de Galicia: total

Nº	Comarca	2006/Xuño	2010/Decembro	Incremento
1	Arzúa	6 602	6 390	-212
2	Barbanza	23 118	19 928	-3 190
3	A Barcala	3 775	3 578	-197
4	Bergantiños	26 980	24 880	-2 100
5	Betanzos	14 207	13 892	-315
6	Coruña	151 042	148 664	-2 378
7	Eume	9 536	8 874	-662
8	Ferrol	51 615	49 742	-1 873
9	Fisterra	7 166	6 962	-204
10	Muros	4 163	3 609	-554
11	Noia	11 279	10 759	-520
12	Ordes	15 448	14 761	-687
13	Ortega	4 781	4 287	-494
14	Santiago	61 545	63 474	1 929
15	O Sar	6 409	5 995	-414
16	Terra de Melide	4 394	4 259	-135
17	Terra de Soneira	6 853	6 303	-550
18	Xallas	5 593	5 232	-361
19	Os Ancares	4 099	3 758	-341
20	Chantada	5 067	4 864	-203
21	A Fonsagrada	2 208	1 974	-234
22	Lugo	46 325	45 991	-334
23	A Mariña Central	11 610	10 871	-739
24	A Mariña Occidental	10 228	9 639	-589
25	A Mariña Oriental	6 088	5 625	-463
26	Meira	2 297	1 997	-300
27	Quiroga	1 784	1 515	-269
28	Sarria	9 231	8 921	-310
29	Terra Chá	16 772	15 853	-919
30	Terra de Lemos	9 872	9 486	-386
31	A Ulloa	3 155	3 030	-125

**Táboa D.7. (continuación).** Afiliacións á Seguridade Social no período 2006-2010 nas comarcas de Galicia: total

Nº	Comarca	2006/Xuño	2010/Decembro	Incremento
31	A Ulloa	3 155	3 030	-125
32	Allariz-Maceda	4 181	4 072	-109
33	Baixa Limia	1 813	1 597	-216
34	O Carballiño	8 416	7 922	-494
35	A Limia	6 485	6 055	-430
36	Ourense	55 622	54 445	-1 177
37	O Ribeiro	5 258	4 761	-497
38	Terra de Caldelas	1 012	850	-162
39	Terra de Celanova	5 249	4 876	-373
40	Terra de Trives	1 477	1 330	-147
41	Valdeorras	8 799	8 191	-608
42	Verín	6 858	6 337	-521
43	Viana	1 859	1 816	-43
44	O Baixo Miño	17 967	16 332	-1 635
45	Caldas	12 876	11 421	-1 455
46	O Condado	13 202	12 608	-594
47	Deza	16 765	15 503	-1 262
48	O Morrazo	28 666	26 484	-2 182
49	A Paradanta	3 478	3 096	-382
50	Pontevedra	44 674	41 276	-3 398
51	O Salnés	41 583	37 178	-4 405
52	Tabeirós-Terra de Montes	10 054	9 020	-1 034
53	Vigo	169 076	157 309	-11 767

FONTE: Guisán (2011) a partir dos datos da Seguridade Social e do IGE.

## PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Dado que os estudos rexionais e comarcais indican que a industria é en xeral o sector motor do emprego, ao xerar non só emprego directo senón tamén numerosos empregos indirectos na construción e nos servizos, está claro que a

maioría das comarcas de Galicia necesitan un plan de industrialización adaptado ás súas circunstancias ambientais e de capital humano

Existen moitas medidas que poden potenciar ese dinamismo, e por iso é da máxima importancia impulsar o desenvolvemento da industria en Galicia e en España.

O desenvolvemento industrial é suficiente en xeral para garantir un desenvolvemento sostible da construción e dos servizos, conducindo a un incremento da renda real por habitante e a unha mellora das taxas de emprego de ambos os dous xéneros

#### BIBLIOGRAFÍA

GUISÁN, M.C. (2011). "Población y empleo en las comarcas de Galicia", *Informe de la Economía Gallega 2011*. Asociación Hispalink Galicia.

IGE. *Población y empleo en Galicia*.

IGE. *Afiliaciones a la Seguridad Social*.

INE. *Encuesta de Población Activa*.

OCDE. *Labour Force Statistics*.

*Emprego sectorial e participación social das mulleres en Galicia e Europa* presenta os resultados dun traballo de investigación sobre o desenvolvemento económico, o emprego e a calidade de vida desde unha perspectiva de xénero, procurando respostas a preguntas cruciais: pode Galicia achegarse aos niveis de emprego, salarios, calidade de vida e participación das mulleres similares aos das rexións e países máis avanzados? Que factores principais poden axudar a avanzar nesa dirección? Ademais de atender estes interrogantes, a obra salienta a conveniencia dunha máis intensa concienciación por parte dos medios de comunicación e grupos políticos a respecto da importancia de prever os desequilibrios económicos e de impulsar un desenvolvemento sostible.

[www.usc.es/publicacions](http://www.usc.es/publicacions)



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA